

25421 *REAL DECRETO 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.* («BOE» 313, do 31-12-2002.)

A Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, no seu título IV, establece as bases para introducir-la competencia no sector gasista, así como un novo modelo de mercado. Na súa disposición derradeira segunda, a citada lei establece que o Goberno, no ámbito das súas competencias, aprobará mediante real decreto as normas de desenvolvemento da lei.

Dada a importancia das reformas introducidas na citada lei, é necesario o seu desenvolvemento para dar resposta ás novas situacións que se están a producir no mercado do gas. Por unha parte, o número de axentes implicados aumentou considerablemente e a partir do 1 de xaneiro do ano 2003 calquera consumidor poderá elixir subministrador, o que fai imprescindible a regulación de diferentes aspectos relativos á actuación dos diferentes suxeitos que actúan no mercado.

Neste contexto, este real decreto ten por obxecto completa-lo marco normativo no que deben desenvolverse as actividades relacionadas co sector do gas natural e abrangue tres aspectos básicos. Por un lado, determináanse os requisitos necesarios para exercer-las distintas actividades (transporte, distribución e comercialización); por outro regúlanse os aspectos relacionados coa subministración e, por último, desenvólvese todo o relativo ó procedemento de autorización administrativa das instalacións gasistas.

O real decreto regula tódolos aspectos relacionados cos requisitos relativos á acreditación da capacidade legal, técnica e económica que deben cumprí-las empresas para exercer as actividades de transporte, distribución e comercialización de gas natural, así como os seus dereitos e obrigas, o que sen dúbida permitirá un marco claro de relacións entre os distintos suxeitos que actúan na subministración de gas natural e favorecerá unha estrutura empresarial acorde coa importancia económica do sector considerado de interese económico xeral.

No que respecta á subministración, desenvólvense tódalas relacións entre as empresas gasistas e os consumidores, tanto no mercado regulado como no liberalizado. Están incluídos neste título a regulación das acometidas e demais actuacións necesarias para unha nova subministración, os contratos de subministración no mercado regulado, as causas de suspensión de subministración, a calidade de servizo e os procedementos para o cambio de subministrador. Este último aspecto é de especial relevancia para o correcto funcionamento dun mercado totalmente liberalizado, que esixe a máxima seguranza, facilidade e rapidez no cambio de subministrador, elemento chave para o desenvolvemento dun mercado competitivo.

En relación cos procedementos de autorización de instalacións, nun sector en forte proceso investidor, téntase conxuga-la seguranza xurídica coa necesaria axilidade dos procedementos administrativos, propondo procedementos que eviten duplicidade de actuacións en relación con temas ambientais e aseguren na medida do posible a concorrencia en instalacións sometidas a planificación obrigatoria.

Por último, regúlanse os procedementos de inscrición nos rexistros administrativos, así como a necesaria participación das comunidades autónomas para a actuación e mantemento destes.

Conforme establece a disposición derradeira primeira da Lei 34/1998, do sector de hidrocarburos, a presente

norma ten carácter básico, de acordo co artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución, que atribúe ó Estado competencias exclusivas sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre as bases do réxime enerxético.

De acordo coa disposición adicional undécima, punto terceiro, da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, este real decreto foi sometido a informe preceptivo da Comisión Nacional de Enerxía.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno para Asuntos Económicos e Ministro de Economía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de decembro de 2002,

DISPONGO:

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establece-lo réxime xurídico aplicable ás actividades de regasificación, almacenamento, transporte, distribución e comercialización de gas natural para a súa subministración por canalización, e ás relacións entre os distintos suxeitos que as desenvolven, establecendo as medidas necesarias encamiñadas a garantir esta actividade de interese económico xeral a tódolos consumidores finais, sen prexuízo das competencias que correspondan ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla.

Así mesmo, establécese o réxime de autorización correspondente a tódalas instalacións vinculadas ás actividades de gas, competencia da Administración xeral do Estado e o procedemento de inscrición nos distintos rexistros administrativos previstos na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

O disposto neste real decreto será, así mesmo, de aplicación á distribución dos gases combustibles a que fai referencia o artigo 56 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

Artigo 2. *Réxime de actividades.*

As actividades de regasificación, almacenamento estratéxico, transporte e distribución de gas natural teñen carácter de reguladas e deberán ser levadas a cabo por sociedades mercantís que teñan como obxecto social exclusivo o desenvolvemento destas actividades, sen prexuízo da posibilidade de venda a tarifa recoñecida ós distribuidores e venda a prezo de cesión dos transportistas ós distribuidores para o mercado regulado.

O xestor técnico do sistema será aquel transportista que sexa titular da maioría das instalacións da rede básica de gas natural. A entidade «Enagás, Sociedad Anónima», terá a consideración de xestor técnico do sistema gasista, de acordo co disposto na disposición adicional vixésima da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

A actividade de comercialización exercerase libremente nos termos previstos na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e disposicións de desenvolvemento, e o seu réxime económico virá determinado polas condicións que se pacten entre as partes. As sociedades dedicadas á comercialización de gas natural deberán ter como único obxecto social no sector gasista a dita actividade e non poderán realizar actividades de regasificación, almacenamento, transporte ou distribución.

TÍTULO II

Actividades de transporte, distribución e comercialización de gas natural

CAPÍTULO I

Transporte de gas natural**Artigo 3. Actividade de transporte.**

1. Para os efectos previstos neste real decreto, terán a consideración de actividade de transporte de gas natural as seguintes actividades:

a) O transporte de gas natural pola rede interconectada constituída polas instalacións que se determinan nas alíneas a), d), e), f), g) e h) do artigo seguinte, co fin de subministrar ós distribuidores ou, se é o caso, ós consumidores finais, así como para atende-los intercambios internacionais.

b) A regasificación de gas natural licuado destinada a abastecer a rede de transporte, e a licuefacción de gas natural.

c) O almacenamento de gas natural que poida abastecer-lo sistema gasista.

d) A compravenda de gas natural para o mercado a tarifas.

2. A actividade de transporte será levada a cabo polos transportistas, que son aquelas persoas xurídicas titulares de instalacións de regasificación de gas natural licuado, de licuefacción, de transporte ou de almacenamento de gas natural.

Artigo 4. Instalacións de transporte.

1. Terán a consideración de instalacións de transporte as seguintes:

a) Os gasoductos de transporte primario de gas natural a alta presión, considerando como tales aqueles cunha presión máxima de deseño igual ou superior a 60 bar.

b) As instalacións de regasificación de gas natural licuado que poidan abastecer-lo sistema gasista e as instalacións de licuefacción de gas natural.

c) Os almacenamentos estratéxicos de gas natural que poidan abastecer-lo sistema gasista.

d) As conexións da rede básica con xacigos de gas natural no interior ou con almacenamentos.

e) As conexións internacionais do sistema gasista español con outros sistemas ou con almacenamentos situados no exterior.

f) As redes de transporte secundarias, que son aquelas formadas por gasoductos cunha presión máxima de deseño menor de 60 e maior de 16 bar.

g) Aqueloutras instalacións que, como resultado do proceso de planificación da rede de transporte de gas natural, o Ministerio de Economía, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, determine que cumpren funcións de transporte.

h) Así mesmo, considéranse elementos constitutivos da rede de transporte todos aqueles activos de comunicacións, subministración eléctrica, proteccións, control, servizos auxiliares, terreos, edificacións, centros de control e demais elementos auxiliares necesarios para o adecuado funcionamento das instalacións específicas da rede de transporte antes definida.

2. Para os efectos deste real decreto, o xestor técnico do sistema propondrá á Dirección Xeral de Política

Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, de acordo coas necesidades do sistema, a inclusión dunha instalación nova ou o incremento de capacidade dunha instalación existente, da rede básica, quen resolverá logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía.

Artigo 5. Requisitos dos suxeitos para o exercicio da actividade de transporte.

1. Os suxeitos que realicen ou vaian realiza-la actividade de transporte de gas natural deberán acreditar suficientemente o cumprimento dos requisitos que se determinan nos seguintes puntos deste artigo en canto á súa capacidade legal, técnica e económico-financeira para a realización da súa actividade.

2. Para acreditaren a súa capacidade legal, as entidades que realicen a actividade de transporte deberán revestila forma de sociedades mercantís de nacionalidade española, ou, se é o caso, doutro estado membro da Unión Europea con establecemento permanente en España.

Así mesmo, aquelas empresas titulares de instalacións da rede básica de gas natural definida no punto 2 do artigo 59 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, deberán ter como único obxecto social no sector gasista a actividade de transporte definida na alínea a) do artigo 58 da citada Lei 34/1998, podendo incluír entre os seus activos gasoductos da rede secundaria de transporte.

3. Para acreditaren a capacidade técnica, os suxeitos que vaian realiza-la actividade de transporte deberán presentar unha memoria explicativa, na que se detallen os plans e sistemas, así como os medios técnicos e persoais que se van pór ó servizo e mantemento das instalacións, detallando os dedicados á construción, xestión e mantemento das instalacións.

En calquera caso, considerarase a capacidade técnica suficientemente acreditada cando se cumpra algún dos seguintes requisitos:

a) Ter exercido a actividade de transporte directamente ou a través dunha filial que actuase como operador durante, polo menos, os últimos tres anos.

b) Contar entre os seus accionistas con, polo menos, un socio que participe no capital social cunha porcentaxe igual ou superior ó 25 por 100 e que poida acreditar a súa experiencia na actividade durante os últimos tres anos.

4. A capacidade económica da entidade poderase acreditar mediante a achega da documentación que garanta a súa viabilidade económico-financeira.

En calquera caso, considerarase que a capacidade económica é suficiente se a empresa solicitante conta cuns recursos propios afectos á actividade de transporte superiores á maior das cantidades seguintes: 5.000.000 de euros ou o 25 por 100 do orzamento das novas instalacións que pretenda realizar.

O ministro de Economía poderá actualiza-las ditas cantidades mediante orde ministerial.

Artigo 6. Dereitos e obrigas dos transportistas.

1. Os transportistas terán os dereitos e obrigas que se recollen neste artigo, ademais dos dereitos e obrigas relacionados co acceso de terceiros, recollidos no Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural, e na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

2. Os titulares de instalacións de transporte de gas natural terán os seguintes dereitos:

- a) Elevar ó xestor técnico do sistema propostas de ampliación das instalacións de transporte.
- b) Participar nos procedementos para adxudicación de novas instalacións mediante os procedementos previstos neste decreto.
- c) Recibir unha retribución polo exercicio da súa actividade dentro do sistema gasista mediante o procedemento establecido regulamentariamente.
- d) Esixir que as instalacións conectadas ás da súa propiedade reúnan as condicións técnicas establecidas e sexan utilizadas de forma adecuada.
- e) Recibir doutros suxeitos do sistema a información necesaria para o exercicio das súas funcións.
- f) Efectuar a lectura dos consumos nos puntos finais, naqueles casos en que non exista outra unidade de medición desde a rede da súa propiedade ata a instalación do cliente.

3. Os titulares de instalacións de transporte de gas natural terán as seguintes obrigas:

- a) Construír e explota-las súas instalacións de gas natural e instalacións complementarias de acordo coas disposicións aplicables e cos requisitos establecidos nas correspondentes autorizacións administrativas de construción e explotación das instalacións, prestando o servizo de forma regular e continua, cos niveis de calidade que se determinen e mantendo as instalacións nas adecuadas condicións de conservación e idoneidade técnica.
 - b) Operar e mante-las instalacións da súa propiedade de acordo coas normas de xestión técnica do sistema e as instrucións e directrices impartidas polo xestor técnico do sistema.
 - c) Facilita-lo uso das súas instalacións para os trámites de gas natural relativas a acceso ás redes.
 - d) Facilita-la conexión ás súas instalacións por parte doutros titulares de instalacións ou dos consumidores cualificados, de acordo coas disposicións que se establecen neste real decreto.
 - e) Facilitar ó xestor técnico do sistema a información estrutural e de operación necesaria para a supervisión e control do sistema, así como as características das súas instalacións relevantes, para a súa utilización no desenvolvemento e ampliación da rede de transporte, e tamén para o seu coñecemento público.
 - f) Garantir-lo segredo da información de carácter confidencial que fose posta ó seu dispor polos distintos suxeitos, de acordo cos procedementos de operación correspondentes.
 - g) Inscribir no rexistro administrativo de instalacións de transportistas de gas todas aquelas instalacións de transporte, almacenamento e regasificación que fosen autorizadas das que sexan titulares.
 - h) Comunicar ó Ministerio de Economía, á Comisión Nacional de Enerxía e ás administracións correspondentes a información sobre calidade de servizo, así como calquera información relacionada coa actividade que desenvolvan dentro do sector do gas natural.
 - i) Cando sexa o caso, cumprir coas obrigas de mantemento de existencias mínimas de seguranza, e contribuír á diversificación de subministracións conforme a normativa vixente.
 - x) Levar na súa contabilidade contas separadas das actividades de regasificación, almacenamento, transporte e compravenda de gas.
- Así mesmo, o xestor técnico do sistema levará contas separadas da actividade de xestión técnica do sistema.
- k) Manter un sistema operativo que asegure a atención permanente e a resolución das incidencias que con

carácter de urxencia se poidan presentar nas redes de transporte.

l) Garantir-la seguranza da subministración para o mercado a tarifas, subscribindo os contratos de aprovisionamento e asegurándose a capacidade necesaria para atender-lo mercado.

m) Dispor e manter actualizada, con independencia doutras pólizas que puidesen existir, unha póliza de seguros de responsabilidade civil por unha contía suficiente que lle permita cubri-los riscos que, para as persoas e bens, puidesen derivar das actividades exercidas.

CAPÍTULO II

Distribución

Artigo 7. *Actividade de distribución.*

1. A actividade de distribución é aquela que ten por obxecto a transmisión de gas natural desde as redes de transporte ata os puntos de subministración nas adecuadas condicións de calidade, así como a venda de gas natural ós consumidores a tarifa.

2. A actividade de distribución será levada a cabo polos distribuidores, que son aquelas persoas xurídicas, titulares de instalacións de distribución, que, reunindo a capacidade legal, técnica e económica que se detalla nesta disposición, teñen a función de distribuír gas natural, así como construír, manter e operar sobre as instalacións de distribución destinadas a situa-lo gas nos puntos de consumo, nos termos previstos na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

Artigo 8. *Instalacións de distribución.*

Terán a consideración de instalacións de distribución de gas natural os gasoductos con presión máxima de deseño igual ou inferior a 16 bares e aqueloutros que, con independencia da súa presión máxima de deseño, teñan por obxecto conduci-lo gas a un único consumidor, partindo dun gasoducto da rede básica ou de transporte secundario.

Así mesmo, consideraranse elementos constitutivos da rede de distribución todos aqueles activos da rede de comunicacións, subministración de enerxía eléctrica, proteccións, control, servizos auxiliares, terreos, edificacións e demais elementos auxiliares, na parte destinada exclusivamente para o adecuado funcionamento das instalacións específicas das redes de distribución antes definidas, incluídos os centros de control en todas as partes e elementos que afecten as instalacións de distribución.

Terán tamén a condición de instalacións de distribución as instalacións satélite de gas natural licuado que alimenten unha rede de distribución.

Artigo 9. *Requisitos dos suxeitos para o exercicio da actividade de distribución.*

1. Os suxeitos que realicen ou vaian realiza-la actividade de distribución de gas natural deberán acreditar suficientemente o cumprimento dos requisitos que se determinan nos seguintes puntos deste artigo en canto á súa capacidade legal, técnica e económico-financieira para a realización da súa actividade.

2. Para acreditar en a súa capacidade legal, as entidades que realicen a actividade de distribución deberán revestir-la forma de sociedades anónimas de nacionalidade española, ou, se é o caso, doutro estado membro

da Unión Europea con establecemento permanente en España.

As ditas sociedades non poderán desenvolver directamente actividades de comercialización de gas natural, nin ser titulares de instalacións da rede básica de gas natural.

3. Para acreditar a súa capacidade técnica, as sociedades que teñan por obxecto realiza-la actividade de distribución deberán presentar unha memoria explicativa dos plans e sistemas, así como dos medios técnicos e persoais que se van pór ó servizo da actividade de distribución, detallando os dedicados á construción, posta en servizo e mantemento das instalacións, os servizos de control e atención de urxencias, e os servizos de atención de reclamacións, facturación e cobramento ós clientes.

En calquera caso, a capacidade técnica das entidades que realicen a actividade de distribución considerárase suficientemente acreditada cando se cumpra algún dos seguintes requisitos:

a) Ter exercido a actividade de distribución directamente ou a través dunha filial que actuase como operador durante, cando menos, os últimos tres anos.

b) Contar entre os seus accionistas con, cando menos, un socio que participe no capital social cunha porcentaxe igual ou superior ó 25 por 100 e que poida acreditar a súa experiencia durante os últimos tres anos na actividade de distribución.

4. A capacidade económica da entidade poderase acreditar mediante a achega da documentación que garanta a viabilidade económico-financieira dos proxectos.

En calquera caso, considerárase que a capacidade económica é suficiente se a empresa solicitante conta cuns recursos propios afectos á actividade de distribución superiores á maior das cantidades seguintes: 1.000.000 de euros ou o 50 por 100 do orzamento das novas instalacións que pretenda realizar.

O ministro de Economía poderá actualizar estas cantidades mediante orde ministerial.

Artigo 10. *Obrigas e dereitos das empresas distribuidoras.*

1. As empresas distribuidoras terán os dereitos e obrigas que se recollen neste artigo, ademais dos dereitos e obrigas relacionados co acceso de terceiros, recollidos no Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector do gas natural, e na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

2. Serán dereitos das empresas distribuidoras:

a) O recoñecemento por parte da Administración dunha retribución polo exercicio da súa actividade regulada.

b) Adquirir ó transportista á rede do cal estea conectado, ben directamente ou indirectamente a través doutro distribuidor, o gas natural necesario para atende-la subministración dos seus clientes a tarifas.

c) Conectarse á rede de transporte ou á rede de distribución de presión máxima de deseño superior a 4 bar máis próxima con capacidade suficiente para acceder ó abastecemento de gas natural necesario para atender á demanda correspondente á súa zona de autorización, de acordo co establecido no artigo 12.

d) Esixir que as instalacións conectadas ás da súa propiedade reúnan as condicións técnicas establecidas e sexan utilizadas de forma adecuada.

e) Recibir doutros suxeitos do sistema a información para o exercicio das súas funcións.

3. Serán obrigas das empresas distribuidoras:

a) Mante-lo cumprimento dos requisitos para o exercicio da actividade, de acordo co disposto no artigo 9 deste real decreto.

b) Subministrar gas natural ós consumidores a tarifa.

c) Realiza-las súas actividades na forma autorizada e conforme as disposicións aplicables, prestando o servizo de distribución de forma regular e continua cos niveis de calidade que se establezan.

d) Construír e explota-las súas redes de distribución de gas natural e instalacións complementarias de acordo coas disposicións aplicables e cos requisitos establecidos nas correspondentes autorizacións administrativas de construción e explotación das instalacións, e de conformidade cos proxectos de construción e desenvolvemento da rede autorizados no ámbito xeográfico definido na citada autorización.

e) Proceder á ampliación das instalacións de distribución no seu ámbito xeográfico, de acordo co previsto nas correspondentes autorizacións administrativas, para atender ás novas demandas de subministración de gas natural, así como de acordo coas previsións recollidas nos plans anuais de ampliación das redes de distribución autorizadas.

f) Operar e mante-las súas redes de distribución.

g) Proceder, por si mesmas ou a través de terceiros, á lectura dos contadores de tódolos consumidores conectados ás súas instalacións, e dar traslado do detalle das lecturas ós comercializadores correspondentes. Ademais, os datos de lectura agregados por tipos de tarifas ou peaxes e por comercializadores comunicaránselle ó xestor técnico do sistema e ó transportista que lle subministra o gas, co detalle necesario para a aplicación das peaxes e canons e a realización do balance de rede.

h) Manter un sistema operativo que asegure a atención permanente e a resolución das incidencias que con carácter de urxencia se poidan presentar nas redes de distribución e nas instalacións receptoras dos consumidores a tarifa.

i) Comunicar ó Ministerio de Economía, á Administración competente e á Comisión Nacional de Enerxía a información sobre prezos, consumos, facturacións e condicións de venda aplicables ós consumidores, distribución de consumidores e volume correspondente por categorías de consumo, que se establezan ou se establecesen.

j) Comunicar ó Ministerio de Economía, á Comisión Nacional de Enerxía e ás administracións correspondentes a información sobre calidade do servizo, así como calquera outra información relacionada coa actividade que desenvolvan dentro do sector de gas natural.

k) Atender en condicións de igualdade as demandas de novas subministracións e a ampliación das existentes, con independencia de que se trate de subministracións a tarifa ou de consumidores cualificados, nas zonas nas que operen, sen prexuízo do que resulte de aplicación do réxime de acometidas establecido neste real decreto.

Cando existan varios distribuidores con instalacións susceptibles de atender novas subministracións e ningún deles decidise emprende-la obra, a Administración competente determinará cál destes distribuidores deberá realizala atendendo ó criterio de menor custo e maior racionalidade económica.

l) As empresas distribuidoras deberán levar unha base de datos dos consumidores conectados ás súas instalacións, na que se incluírán os datos enumerados no artigo 43 deste real decreto. As citadas empresas

deberán remitir á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, ós órganos correspondentes das comunidades autónomas afectadas e á Comisión Nacional de Enerxía anualmente, un resumo desa base de datos, cos correspondentes datos presentados segundo tarifas, peaxes, etc.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá establecer os requisitos mínimos dos modelos de información e datos que se incluírán neles.

m) Informar e asesorar aos consumidores no momento da contratación sobre a tarifa e caudal diario máximo a contratar máis conveniente ás súas necesidades.

n) As empresas distribuidoras deberán por á disposición dos comercializadores que subministren gas ós usuarios conectados ás súas instalacións a data en que os usuarios que, de acordo coa lexislación vixente, deben realizar inspección das instalacións.

ñ) Realizar as probas previas ó inicio da subministración dos consumidores conectados ás súas redes no caso de novas instalacións e no de modificacións ou ampliacións delas que se definan regulamentariamente.

o) Realizar visitas de inspección ás instalacións receptoras dos seus usuarios coa periodicidade definida regulamentariamente.

p) Levar na contabilidade interna contas separadas das actividades de distribución e da de subministración a clientes a réxime de tarifas e remitir ó Ministerio de Economía e á Comisión Nacional de Enerxía unha memoria anual que inclúa as novas autorizacións de instalacións, así como as modificacións relevantes da súa actividade.

q) Estar inscritos na sección 1.^a do rexistro de distribuidores, comercializadores e consumidores cualificados do Ministerio de Economía.

r) Facilitar ós suxeitos interesados a información relativa á localización das súas instalacións existentes.

s) Realizar a inspección periódica da parte común das instalacións receptoras daqueles consumidores que estean conectados ás súas instalacións.

t) Controlar que os consumidores que volvan do mercado libre ó réxime de tarifas cumpran os requisitos establecidos na disposición transitoria quinta da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

u) Dispor e manter actualizada, con independencia doutras pólizas que poidesen existir, unha póliza de seguro de responsabilidade civil por unha contía suficiente que lle permita cubrir os riscos que, para as persoas e bens, poidesen derivar das actividades exercidas.

Artigo 11. *Requisitos das instalacións de distribución.*

O deseño, construción, posta en servicio, operación, revisión e mantemento das instalacións de distribución axustarase á normativa técnica e de seguranza que lles sexa de aplicación.

As redes de distribución deberán ser dimensionadas con capacidade suficiente para atender a demanda tendo en conta as previsións do seu crecemento na zona.

Artigo 12. *Conexión do distribuidor coas redes de transporte ou distribución.*

1. As redes de distribución deberán alimentarse preferentemente desde unha rede de transporte, podendo, así mesmo, alimentarse a partir doutra rede de distribución de presión máxima de deseño superior a 4 bares, sempre que esta dispoña de suficiente capacidade de subministración, atendendo a criterios de racionalidade técnica e económica.

2. Co fin de garanti-lo abastecemento de gas ás redes de distribución, o distribuidor deberá formular consulta ó transportista ou ó distribuidor sobre a dispoñi-

bilidade de caudais de gas e presións adecuadas nos puntos de entrega de gas.

Para os referidos efectos, os distribuidores que desexen conectarse a unha rede de transporte ou de distribución, de presión máxima de deseño superior a 4 bar, de gas, enviarán ó transportista ou ó distribuidor unha solicitude de conexión á dita rede de transporte, indicando os caudais de gas previstos. Os custos que correspondan a esa conexión serán, en calquera caso, soportados polo distribuidor solicitante.

O transportista ou o distribuidor disporá dun prazo de corenta días hábiles para contestar a solicitude, indicando o punto de conexión máis adecuado, as condicións técnicas de conexión, as presións dispoñibles no punto de entrega, custos necesarios para efectuar a conexión e prazos de execución.

3. En caso de discrepancias respecto á citada conexión, entre distribuidor e transportista ou distribuidor, poderán elevarse as actuacións producidas á Comisión Nacional de Enerxía, para que resolva nun prazo de tres meses, cando a competencia corresponda á Administración xeral do Estado, ou, se é o caso, ó órgano competente da correspondente comunidade autónoma para que resolvan nun prazo de tres meses.

CAPÍTULO III

Actividade de comercialización

Artigo 13. *Definición.*

A actividade de comercialización de gas natural será desenvolvida polas empresas comercializadoras debidamente autorizadas que, accedendo ás instalacións de transporte ou distribución, teñen como función a venda de gas natural ós consumidores que teñan a condición de cualificados e a outros comercializadores.

En virtude do artigo 60.2 da Lei 34/1998, do sector de hidrocarburos, a comercialización exercerase libremente nos termos previstos na citada lei, e o seu réxime económico virá determinado polas condicións que se pacten entre as partes, incluíndo calquera servizo relacionado coa subministración que supoña un dereito de facturación e cobramento para o comercializador.

Artigo 14. *Requisitos necesarios para realizar a actividade de comercialización.*

1. Os suxeitos que queiran realizar a actividade de comercialización de gas natural deberán acreditar suficientemente a súa capacidade legal, técnica e económica para o exercicio da súa actividade. Así mesmo, deberán acreditar que teñen capacidade para garanti-la subministración.

2. Para acreditar a súa capacidade legal, as entidades que realicen a actividade de comercialización deberán revestir a forma de sociedades mercantís de nacionalidade española, ou, se é o caso, doutro estado membro da Unión Europea con establecemento permanente en España, non podendo desenvolver directamente actividades reguladas de regasificación, almacenamento, transporte ou distribución de gas natural.

3. A capacidade técnica poderase acreditar mediante o cumprimento de calquera dos seguintes requisitos:

a) A presentación dunha memoria explicativa na que se detallen e xustifiquen os medios técnicos e persoais que se van por ó servizo da actividade de comercialización, así como os servizos de control e atención de urxencias, os servizos de atención de reclamacións, os servizos de inspección de instalacións, facturación, medida e cobramento de clientes.

b) Ter exercido a actividade de distribución ou comercialización de gas ou electricidade polo menos nos últimos tres anos.

c) Contar entre os seus accionistas con, polo menos, un socio que participe no capital social cunha porcentaxe igual ou superior ó 25 por 100 e que poida acreditar a súa experiencia durante os últimos tres anos nas actividades de distribución ou comercialización de gas ou electricidade.

4. A capacidade económica da entidade poderase acreditar mediante a achega da documentación que garanta a súa viabilidade económico-financieira de acordo cos plans de negocio da empresa.

Para acreditar este requisito deberá describi-lo programa financeiro, no que se detallen os medios propios e alleos cos que conta para o desenvolvemento da súa actividade, xuntando para tal efecto a documentación xustificativa oportuna.

En todo caso, considerarase suficientemente acreditada a capacidade económica cando dispoña, no momento de solicita-la autorización da actividade de comercialización, dun capital, afecto á actividade, de polo menos 2.000.000 de euros, integramente desembolsado. Posteriormente, ó solicita-las futuras prórrogas da actividade de comercialización, deberá remitir, xunto á solicitude de prórroga, memoria das actividades levadas a cabo nos últimos cinco anos, así como as previsións de venda nos próximos exercicios. En función do nivel de actividade levada a cabo e prevista, deberá adecuá-lo capital da empresa, adecuándoo á maior das cantidades seguintes: 2.000.000 de euros ou o 1 por 100 da facturación media da empresa nos dous últimos exercicios.

5. As empresas que queiran exercer-la actividade de comercialización de gas natural deberán acreditar que teñen capacidade para atender-las demandas de gas dos seus clientes, sen que se poidan producir restricións da subministración mais alá de situacións extraordinarias.

Para isto, deberá acreditar-la existencia de contratos, precontratos ou garantías de subministración dun fornecedor de gas que poidan ser utilizados para dar cobertura ás actividades de comercialización previstas, asegurando a necesaria diversificación das súas subministracións.

Artigo 15. *Competencia para a autorización da actividade de comercialización.*

Aquelas persoas xurídicas que queiran actuar como comercializadoras de gas natural deberán contar con autorización administrativa previa.

A autorización da actividade de comercialización corresponde outorgala a:

a) A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, cando a actividade se vaia desenvolver en todo o territorio nacional ou en máis dunha comunidade autónoma. A autorización outorgarase logo de solicitude do interesado, mediante resolución que deberá ser publicada no «Boletín Oficial del Estado».

b) O órgano competente en materia de enerxía da comunidade autónoma correspondente cando a actividade se vaia desenvolver exclusivamente no ámbito territorial dunha soa comunidade autónoma. O órgano competente da comunidade autónoma no prazo dun mes remitirá copia da autorización e do expediente completo á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, para a súa inscrición no rexistro administrativo de distribuidores, comercializadores e consumidores cualificados. A resolución, neste caso, será publicada no «Boletín Oficial» da comunidade autónoma correspondente.

Artigo 16. *Autorización administrativa.*

1. O solicitante da autorización administrativa para o desenvolvemento da actividade de comercialización deberá presentar á administración competente a seguinte documentación:

a) Escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.

b) Certificación de que a empresa está dada de alta no imposto de actividades económicas.

c) Acreditación da capacidade legal, técnica e financeira da empresa de acordo co establecido no artigo 14.

d) Memoria descritiva da previsión a medio prazo das súas actividades, indicando os servicios que prestará ós seus clientes e os medios materiais e persoais postos ó servicio da actividade de comercialización que garantan o cumprimento das súas obrigas como comercializador.

e) Ámbito territorial para o que se solicita a autorización.

g) Programa financeiro no que se detallen os medios propios ou alleos cos que conta o solicitante para o desenvolvemento da súa actividade.

h) Contratos, precontratos ou garantías de subministración dos fornecedores de gas que se prevé utilizar para dar cobertura ás actividades de comercialización previstas.

En todo caso, poderá ser solicitada ó interesado outra documentación complementaria necesaria para acreditar-la debida capacidade legal, técnica ou económica da sociedade.

2. A administración competente para concede-la autorización, á vista da documentación presentada e a complementaria que puidese precisar, dictará resolución motivada, outorgando ou denegando a correspondente autorización, segundo concorran ou non os requisitos necesarios, de conformidade co establecido na Lei 34/1998, do sector de hidrocarburos, e nesta disposición.

3. A solicitude de autorización entenderase denegada se non se dictase e fose notificada resolución expresa no prazo de tres meses desde a data da súa presentación.

4. Nos casos en que a autorización sexa outorgada pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, a comercializadora autorizada será inscrita de oficio no rexistro de distribuidores, comercializadores e consumidores cualificados de combustibles gasosos por canalización.

5. No caso de que a autorización fose outorgada polo órgano competente en materia de enerxía dunha comunidade autónoma, a empresa comercializadora será inscrita no rexistro de distribuidores, comercializadores e consumidores cualificados, unha vez recibida polo Ministerio de Economía a documentación remitida pola comunidade autónoma.

6. En ningún caso a autorización se entenderá concedida en réxime de monopolio nin recoñecerá dereitos exclusivos.

Artigo 17. *Vixencia da autorización e prórrogas.*

A autorización para exercer-la actividade de comercialización de gas natural terá unha validez indefinida.

Anualmente, dentro do primeiro trimestre de cada ano, as empresas autorizadas para exercer a actividade de comercialización deberán presentar ante a administración competente a documentación xustificativa de que se seguen cumprindo as condicións que deron lugar á autorización, así como unha memoria resumo das acti-

vidades desenvolvidas no ano precedente, acompañadas dos balances do último exercicio, ó que deberán unir informe de auditor independente.

A administración autorizante poderá solicitar información adicional ou ampliación da entregada.

Artigo 18. *Caducidade, revogación e extinción da autorización.*

1. Procederá a caducidade da autorización para exercer-la actividade de comercialización de gas natural, logo de instrucción de expediente con audiencia do interesado, no seguinte caso:

a) Se no prazo de dous anos contados desde a data de publicación da autorización a empresa non fixese uso efectivo e real dela exercendo a actividade de comercialización e, por tanto, non realizase vendas de gas natural ou se tal uso fose suspendido durante un prazo ininterrompido de dous anos, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía declarará a caducidade da autorización procedendo a dar de baixa á empresa no correspondente rexistro. Para estes efectos, o xestor técnico do sistema deberá comunicar á citada Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas as empresas comercializadas autorizadas nas que se dea tal circunstancia.

2. Procederá a revogación da autorización para exercer-la actividade de comercialización de gas natural, logo de instrucción de expediente con audiencia do interesado, nos seguintes casos:

a) A declaración de quebra ou extinción da personalidade xurídica do comercializador.

b) Incumprimento probado das condicións esixidas para realiza-la actividade de comercializador.

c) A comisión dunha infracción das tipificadas como moi graves no artigo 109 da Lei 34/1998, do sector de hidrocarburos, cando leve consigo a revogación da autorización administrativa.

A revogación da autorización de comercializador levará implícita a cancelación de oficio da inscrición no correspondente rexistro administrativo.

3. Procederá a extinción da autorización para exercer-la actividade de comercialización de gas natural no seguinte suposto:

a) A renuncia do comercializador.

Artigo 19. *Dereitos e obrigas dos comercializadores.*

1. As empresas comercializadoras terán os dereitos e obrigas que se recollen neste artigo, ademais dos dereitos e obrigas relacionados co acceso de terceiros, recollidos na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e no Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural.

2. Serán dereitos das empresas comercializadoras os seguintes:

a) Realizar adquisicións de gas natural nos termos establecidos no capítulo II do título IV da Lei 34/1998, do sector de hidrocarburos.

b) Vender gas natural ós consumidores cualificados e a outros comercializadores en condicións libremente pactadas.

c) Acceder ás instalacións propiedade de terceiros de regasificación, almacenamento, transporte e distribución nos termos previstos na Lei 34/1998, do sector de hidrocarburos, e as súas disposicións de desenvolvemento.

d) Esixir que as instalacións e aparellos receptores dos seus consumidores reúnan as condicións técnicas e de construción legalmente establecidas, así como o bo uso delas e o cumprimento das condicións establecidas para que a subministración se produza sen deterioración ou degradación da súa calidade para outros usuarios.

e) Facturar e cobra-la subministración realizada.

f) Solicita-la verificación do bo funcionamento dos equipamentos de medición de subministracións.

g) Realiza-la medición das subministracións ós seus clientes.

3. As empresas comercializadoras terán as seguintes obrigas:

a) Estar inscritas na sección 2.^a do rexistro administrativo de distribuidores, comercializadores e consumidores cualificados do Ministerio de Economía.

b) Mante-lo cumprimento das condicións de capacidade legal, técnica e económica que se determinen na súa autorización para actuaren como comercializadoras, así como remitir á Administración competente a información que se detalla no artigo 17 deste real decreto.

c) Garanti-la seguranza da subministración de gas natural ós seus clientes subscribindo os contratos de aprovisionamento e de acceso ás instalacións do sistema gasista que sexan precisos.

d) Con obxecto de poder dar cumprimento á información que require a Directiva 90/377/CEE, sobre transparencia de prezos aplicables ós consumidores industriais de gas e electricidade, as empresas comercializadoras remitirán á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, ás comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, e á Comisión Nacional de Enerxía, a información sobre prezos aplicados ós consumidores.

e) Realizar por si mesmo, ou a través do distribuidor ó que estean conectadas as instalacións do usuario, as probas previas á subministración que se definan regulamentariamente.

f) Realizar por si mesmo, ou a través do distribuidor ó que estean conectadas as instalacións do usuario, visitas de inspección ás instalacións receptoras dos seus clientes, coa periodicidade definida regulamentariamente e comunica-la realización e data das visitas ás empresas distribuidoras ás que estean conectadas as ditas instalacións.

g) Facilitar ós seus clientes a información e asesoramento que puidesen solicitar en relación coa subministración de gases.

h) Cumprir coas obrigas de mantemento de existencias mínimas de seguranza, e contribuír, se é o caso, á diversificación de subministracións conforme a normativa vixente.

i) Manter por si mesmo, ou a través do distribuidor ó que estean conectadas as instalacións do usuario, un sistema operativo que asegure a atención permanente e a resolución das incidencias, que con carácter de urxencia poidan presentarse nas instalacións receptoras dos seus clientes.

j) Facilitar ó xestor técnico do sistema a información necesaria para facilita-la supervisión e o control do sistema.

k) Dispor e manter actualizadas, con independencia doutras pólizas que puidesen existir, unha póliza de seguros de responsabilidade civil, por unha contía suficiente que lle permita cubri-los riscos que para as persoas e bens puidesen derivar das súas responsabilidades nas actividades exercidas.

CAPÍTULO IV

Consumidores

Artigo 20. *Definición.*

1. Terán a consideración de consumidores de gas natural aqueles suxeitos que adquiren gas natural para o seu propio consumo.

2. Os consumidores poderán adquirir gas:

a) Do distribuidor ó que estean conectadas as súas instalacións, caso no que se rexerán polo disposto neste real decreto para a subministración a tarifas.

b) Para os comercializadores autorizados en condicións libremente pactadas.

c) Directamente, sen recorrer a un comercializador autorizado, accedendo a instalacións de terceiros.

Artigo 21. *Punto de subministración.*

1. Para os efectos da consideración de punto de subministración as instalacións ás que se subministre deberán reuni-los seguintes requisitos:

a) Que o seu titular sexa unha única persoa física ou xurídica.

b) Que os centros ou unidades que constitúan a instalación estean unidos por liñas propias.

c) Que o gas natural se destine ó seu propio uso.

d) Que a subministración ás instalacións se realice á mesma presión.

e) Que as acometidas que as alimentan pertencen a unha mesma distribuidora.

2. Cada punto de subministración terá un número de identificación, asignado pola empresa distribuidora á que estean conectadas as instalacións, que soamente será facilitado ó consumidor.

Artigo 22. *Dereitos e obrigas dos consumidores.*

1. Os consumidores terán os seguintes dereitos:

a) Realizar adquisicións de gas nos termos establecidos no capítulo II do título IV da Lei 34/1998, do sector de hidrocarburos.

b) Elección de subministrador para a compra do gas natural.

c) O consumidor poderá elixir, entre as tarifas oficialmente aprobadas, a que coide máis conveniente, tendo en conta a presión máxima de deseño das redes á que estea conectado e o consumo anual.

d) Solicita-la verificación do bo funcionamento dos equipamentos de medida das subministracións.

e) Dispor dun servizo de asistencia telefónica facilitado polo seu subministrador, en funcionamento as vin-tecatro horas do día, ó que poidan dirixirse ante posibles incidencias nas súas instalacións.

f) Acceder ás instalacións propiedade de terceiros, de regasificación, almacenamento, transporte e distribución, nos termos previstos na Lei 34/1998, do sector de hidrocarburos, e normativa que a desenvolva.

2. Os consumidores terán as seguintes obrigas:

a) Manter e conserva-las súas instalacións.

b) Garantir que as súas instalacións cumpren os requisitos técnicos e de seguraza establecidos na normativa vixente.

c) Permitir ó persoal autorizado pola empresa distribuidora, transportista no caso previsto no artigo 6.2.f),

e subministradora a entrada no local ou vivenda a que afecta o servizo contratado en horas hábiles ou de normal relación co exterior, para inspecciona-las instalacións ou efectua-la lectura de contador.

d) Efectua-lo pagamento das subministracións, de acordo coas condicións contratadas.

3. Os consumidores que adquiren gas sen recorrer a un comercializador ou distribuidor terán, ademais, as seguintes obrigas:

a) Estar inscritos na sección 3.^a do rexistro administrativo de distribuidores, comercializadores e consumidores cualificados.

b) Cumprir coas obrigas de mantemento de existencias mínimas de seguraza e contribuír, se é o caso, á diversificación de subministracións conforme a normativa vixente.

c) Realiza-la súa subministración de gas coordinadamente cos transportistas e distribuidores e de acordo coas normas de xestión técnica do sistema.

d) Facilitar ó xestor técnico do sistema a información necesaria para facilita-la supervisión e control do sistema.

TÍTULO III

Subministración

Artigo 23. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

O presente título ten por obxecto regula-las acometidas gasistas así como o seu réxime económico e demais actuacións necesarias para atende-los requirimentos de subministración de combustibles gasosos por canalizacións ós consumidores, sen prexuízo do establecido polas comunidades autónomas no ámbito das súas competencias, no relativo ós dereitos de alta, conforme o artigo 91.3 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

O establecido neste título será de aplicación ás conexións das instalacións receptoras dos usuarios coa rede de distribución da empresa distribuidora, así como a aqueles consumidores que se conecten ós gasoductos de transporte, caso no que os dereitos e obrigas establecidos neste capítulo para as empresas distribuidoras se entenderán para as empresas transportistas.

CAPÍTULO I

Acometidas gasistas e demais actuacións necesarias para atende-la subministración

Artigo 24. *Definición de acometida.*

1. Acometida é a canalización e instalacións complementarias necesarias para unha nova subministración ou ampliación dunha existente comprendidas entre a rede de distribución ou de transporte existente e a chave de acometida, incluída esta, que corta o paso do gas natural ás instalacións receptoras dos usuarios.

2. Con carácter xeral terán a consideración de acometida todas aquelas instalacións destinadas a subministrar gas por canalización a un ou máis usuarios, non incluídas nas autorizacións de instalacións de distribución ou nos plans anuais de ampliación de redes de distribución, de acordo co establecido no artigo 89.3 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. No caso de conexión á rede de transporte consideraranse, con carácter xeral, acometidas aquelas ins-

talacións non incluídas no réxime económico definido, para a actividade de transporte, no Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado no sector do gas natural.

Artigo 25. *Procedementos de solicitude de acometidas.*

1. Enténdese por solicitante dunha acometida, a persoa física ou xurídica que solicita á empresa distribuidora ou transportista un novo punto de subministración de gas, ou a ampliación dun existente, con independencia de que vaia ser ou non consumidor.

2. Cando, como consecuencia dunha nova solicitude de subministración de gas canalizado, sexa necesario construír previamente unha acometida para atender á subministración solicitada, a empresa distribuidora comunicarllo ó solicitante no prazo de seis días, cando se trate de acometidas reguladas no artigo 30.1 deste real decreto, e de quince días se se necesitase proxecto específico para a acometida. A empresa, na contestación, indicará o custo que debe aboa-lo solicitante en concepto de acometida de servizo e os prazos necesarios para a súa construción e iniciación da subministración de gas; así mesmo, definirá o prazo de validez do orzamento, que en todo caso terá unha vixencia mínima de seis meses.

Se o solicitante acepta a proposta da empresa distribuidora ou transportista, esta virá obrigada a realiza-la acometida e deixala en disposición de inicia-las subministracións nas condicións e prazos inicialmente ofertados.

No caso de que non existise acordo entre as condicións ofertadas pola empresa e as alegacións do peticionario, o solicitante poderá elevar, ó órgano competente da comunidade autónoma, escrito motivado sobre o asunto. Este órgano resolverá sobre as cuestións suscitadas no prazo máximo de vinte días.

Artigo 26. *Dereitos e obrigas dos suxeitos relacionados coas acometidas.*

1. As empresas distribuidoras ou transportistas de gas natural terán en relación coas acometidas os seguintes dereitos:

a) Percibir dos solicitantes dunha nova acometida ou ampliación, e dos contratantes dunha nova subministración ou ampliación dunha existente, os dereitos de acometida determinados de acordo co disposto neste título como contraprestación económica pola construción das instalacións necesarias para atender ó mesmo.

b) Esixir ós usuarios que as súas instalacións receptoras e aparellos de consumo reúnan as condicións técnicas e de seguranza regulamentariamente establecidas.

c) Utiliza-las instalacións realizadas para unha acometida para atender novas subministracións nas condicións recollidas no artigo 28.

d) No caso de acometidas realizadas por terceiros, recibir dos solicitantes a documentación técnica e de seguranza acreditativa do cumprimento das condicións esixibles, antes da conexión e posta en gas da nova acometida.

2. As empresas distribuidoras ou transportistas de gas natural terán en relación coas acometidas as seguintes obrigas:

a) Realiza-las acometidas e a conexión de novos consumidores ou ampliación dos existentes que se lles soliciten nas áreas xeográficas que comprendan as autorizacións de instalacións de distribución ou zonas de influencia dos gasoductos de transporte.

b) Mante-las instalacións que comprendan as acometidas.

c) Informar e asesora-lo peticionario do punto de conexión coas redes de distribución ou gasoducto de transporte de mínimo custo así como das características e requisitos necesarios para a conexión.

d) Cumpli-los prazos establecidos para a tramitación e execución das instalacións necesarias.

3. Os peticionarios dunha nova acometida ou ampliación dunha existente terán os seguintes dereitos:

a) Poderán construír á súa custa as instalacións necesarias e cedelas á empresa distribuidora ou transportista, ou solicitar á empresa gasista que as realice nas condicións recollidas neste título.

b) Demandar e recibir da empresa distribuidora ou transportista toda a información necesaria para a realización da acometida co mínimo custo.

c) Recibir da empresa distribuidora ou transportista a compensación económica correspondente cando unha acometida se utilice para novas subministracións cando soportase o seu custo económico íntegro e subscribíse un convenio.

4. Serán obrigas dos consumidores en relación coas acometidas as seguintes:

a) Aboar á empresa distribuidora ou transportista os dereitos de acometida correspondentes antes da realización das instalacións necesarias para a subministración solicitada.

b) Facilitar á empresa distribuidora ou transportista a documentación que acredite o cumprimento das condicións técnicas e de seguranza das acometidas, se é o caso, e das instalacións receptoras.

c) Permitti-las verificacións e probas regulamentariamente establecidas para a posta en gas das instalacións.

d) No caso de acometidas construídas por terceiros, aboar á empresa distribuidora ou transportista os custos de conexión que lle correspondan segundo se establece no artigo 30.

Artigo 27. *Criterios xerais aplicables ás acometidas.*

1. Os dereitos a pagar polas acometidas serán únicos para todo o territorio do Estado en función do caudal máximo solicitado e da localización da subministración, e determinaranse de acordo co disposto no capítulo II deste título.

2. As acometidas conectaranse preferentemente ás redes de distribución no punto mais próximo á localización da instalación receptora ou de mínimo custo económico para a acometida, sempre que exista suficiente capacidade de subministración, xustificándose en caso contrario. En calquera caso, para subministracións a presións inferiores a 4 bar, considerarase que existe capacidade suficiente na rede de distribución cando o consumo previsto sexa inferior a 100.000 kWh/ano.

Os dereitos de acometida satisfeitos quedarán adscritos a cada unha das instalacións, vivendas, locais, parcelas, etc. para as que se aboaron, calquera que sexa o tempo transcorrido.

3. A tódalas acometidas lles será de aplicación o réxime de autorizacións e declaración de utilidade pública previsto no título IV deste real decreto.

Artigo 28. *Utilización de acometidas para novas subministracións.*

Cando as instalacións necesarias para atender unha nova subministración teñan especial relevancia e custo,

o peticionario poderá esixir á empresa distribuidora ou transportista a sinatura dun convenio no que se establezan as compensacións económicas que deberá percibir pola utilización desas instalacións para nova subministración. Este convenio basearase nunha repartición equitativa dos custos da primitiva acometida entre os posibles novos solicitantes e terá un prazo de validez non inferior a cinco anos.

No caso de que non existise acordo entre o peticionario e a empresa distribuidora ou transportista, o solicitante poderá elevar ó órgano da Administración competente escrito motivado sobre o asunto. Este órgano resolverá sobre as cuestións formuladas no prazo máximo de vinte días.

Artigo 29. *Dereitos de alta.*

1. Os dereitos de alta son as percepcións económicas que poden percibi-las empresas distribuidoras de gas natural, ó contrata-la prestación do servizo de subministración de combustibles gasosos por canalización cun novo usuario. A empresa distribuidora inspeccionará a instalación receptora, unha vez recibido o boletín do instalador autorizado, e procederá, se é o caso, a instalar e precinta-lo equipamento de medida do usuario.

Os dereitos de alta son de aplicación a novas subministracións e á ampliación dos existentes. Estarán incluídos nestes dereitos os servizos de enganche e verificación das instalacións.

2. As empresas subministradoras poderán obter percepcións económicas para atende-los seguintes servizos:

O enganche: a operación de empata-la instalación receptora de gas á rede da empresa distribuidora, quen deberá realizar esta operación baixo a súa responsabilidade.

A verificación das instalacións: a revisión e comprobación de que se axustan ás condicións técnicas e de seguranza regulamentarias.

Naqueles casos nos que sexa necesaria a presentación dun boletín de instalador autorizado de gas, ben por ser instalación nova ou por reforma, non procederá o cobramento por dereitos de verificación.

Se para a execución da instalación foi necesaria a presentación dun proxecto e o certificado final de obra, non se esixirá o pagamento por dereitos de verificación.

En caso de que unha empresa subministradora decida non cobrar dereitos por estes conceptos, quedará obrigada a aplica-la dita exención a tódolos consumidores da súa zona de subministración.

3. De acordo co disposto no punto 3 do artigo 91 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, as comunidades autónomas establecerán o réxime económico dos dereitos de alta.

Artigo 30. *Dereitos de acometida.*

1. Terá a consideración de dereitos de acometida a contraprestación económica pola realización do conxunto de instalacións ou operacións necesarias para atender un novo punto de subministración de gas ou para a ampliación da capacidade dun xa existente.

2. No caso de rescisión de contrato de subministración, os dereitos de acometida manteranse para os puntos de subministración ou consumo para a que foron aboados durante un período de cinco anos.

3. A conexión dunha acometida construída por un terceiro á rede de distribución ou de transporte será realizada pola empresa distribuidora ou transportista,

correndo por conta do solicitante os custos da mencionada operación.

4. As contías e condicións dos citados dereitos de acometida serán os establecidos no anexo I deste real decreto.

CAPÍTULO II

Condicións xerais da subministración

Artigo 31. *Definición.*

Para os efectos deste real decreto defínese a subministración de gas natural ou gases manufacturados para o seu consumo final como a súa entrega, mediante contraprestación económica, nas condicións de regularidade e calidade que resulten esixibles. A entrega poderase efectuar a través das redes de transporte e distribución ou en forma de gas natural licuado.

A subministración soamente poderá ser realizada por empresas distribuidoras ou por empresas comercializadoras debidamente autorizadas.

Artigo 32. *Obriga de subministración ós consumidores a tarifa.*

1. Os distribuidores de combustibles gasosos por canalización terán a obriga de efectua-la subministración a tarifa e amplialo a todo aboadado que o solicite, sempre que o lugar onde se deba efectua-la entrega do gas se encontre comprendido dentro do ámbito xeográfico da autorización de conformidade co disposto no título IV deste real decreto.

2. Non obstante o anterior, as empresas distribuidoras non efectuarán a subministración a tarifa cando as instalacións do consumidor non cumpran as condicións técnicas e de seguranza regulamentarias.

3. As empresas distribuidoras poderán nega-la subministración a aqueles consumidores que fosen declarados debedores por sentenza xudicial firme de calquera empresa distribuidora por algún dos conceptos incluídos neste real decreto, sempre que non xustificara o pagamento desa débeda.

Artigo 33. *Instalacións receptoras.*

1. As empresas instaladoras serán responsables de que a execución ou reparación das instalacións receptoras se realicen de acordo co proxecto, se o houbese, e, en calquera caso, de que a instalación cumpra con toda a regulamentación vixente, así como de realizar satisfactoriamente as probas e verificacións que a normativa técnica indica.

O mantemento e conservación das instalacións será responsabilidade dos usuarios.

2. Os distribuidores e os comercializadores deberán informar periodicamente, de acordo coa normativa vixente na materia, os usuarios sometidos a réxime de tarifa e os consumidores cualificados respectivamente, das recomendacións e medidas de seguranza que deben ter presentes no uso do gas e os aparellos de utilización.

3. As empresas distribuidoras e comercializadoras deberán efectuar inspeccións periódicas das instalacións receptoras dos seus respectivos clientes, de acordo co disposto na regulamentación vixente de calidade e seguranza industrial.

Artigo 34. *Posta en servizo das instalacións de gas.*

A conexión da instalación receptora coa rede de distribución ou de transporte, a colocación do precinto nos equipamentos de medida e a posta en servizo dunha

instalación receptora, soamente poderá ser realizado polo distribuidor correspondente, a través de persoal propio ou autorizado.

Este persoal procederá a:

- a) Comprobar que a documentación está completa.
- b) Precinta-los equipamentos de medida.
- c) Verifica-la estanquidade da instalación.
- d) Deixa-la instalación en disposición de servizo, se obtén resultados favorables nas comprobacións.

Os custos destas operacións serán a cargo do cliente que contrate a subministración, os cales estarán incluídos nos denominados dereitos de alta, regulados no artigo 29 deste real decreto.

Artigo 35. *Servicio de control e atención de urxencias.*

Os distribuidores e os comercializadores deberán asegurar-la existencia dun servizo de asistencia telefónica en funcionamento as vinte e catro horas do día, tódolos días do ano, co fin de atender posibles incidencias nas instalacións dos seus clientes ou na súa propia rede de distribución, se é o caso. Ademais, difundirán suficientemente, utilizando as canles que consideren adecuadas, os números de teléfono dos citados servizos de asistencia, de forma que tanto os seus clientes como os organismos públicos poidan acceder a eles con facilidade. Os distribuidores estarán obrigados a prestar este servizo ós comercializadores, se estes o solicitan, en condicións obxectivas, transparentes e non discriminatorias.

Os servizos de asistencia deberán ser capaces de activar un plan de emerxencia autorizado pola Administración competente en caso de que fose preciso, de forma que se tomen as medidas de seguranza necesarias no período de tempo máis reducido posible.

Os distribuidores e os comercializadores disporán dos registros necesarios para informa-lo organismo administrativo competente en materia de enerxía sobre as medidas adoptadas e os medios empregados para garanti-la seguranza ante calquera incidencia atendida polo servizo de asistencia.

O subministrador deberá dispor e manter actualizada, con independencia doutras pólizas que puidesen existir, unha póliza propia de seguro de responsabilidade civil por unha contía suficiente que lle permita cubri-los riscos que, para persoas e bens, puidesen derivar das actividades exercidas.

CAPÍTULO III

Contratos de subministración

Artigo 36. *Suxeitos que interveñen na contratación.*

1. A subministración de gas natural ou gases manufacturados por un terceiro requirirá un contrato entre as partes.

O contrato de subministración no mercado regulado será realizado entre os consumidores e os distribuidores.

O contrato de subministración no mercado liberalizado será realizado entre os consumidores cualificados e as empresas comercializadoras.

Os consumidores cualificados poderán comprar directamente o gas sen recorrer a un comercializador autorizado, accedendo ás instalacións de terceiros.

2. O contrato de subministración é persoal, e o seu titular deberá se-lo efectivo usuario do combustible, que non poderá utilizalo en lugar distinto para o que foi contratado, nin cedelo, nin vendelo a terceiros.

Artigo 37. *Condicións do contrato de subministración a tarifa.*

1. Poderán subscribir contratos de subministración a tarifa coas empresas distribuidoras todos aqueles consumidores que non exercen a condición de cualificados ou aqueles que, tendo exercido esa condición, se encontren dentro do suposto 3 da disposición transitoria quinta da Lei 34/1998, do sector de hidrocarburos.

2. A contratación da subministración de gas canalizado a tarifa que establezan os distribuidores cos seus usuarios finais responderán ó modelo de contrato que figura como anexo II ó presente real decreto, sen que se poida esixir ningunha cantidade pola súa formalización. Para aqueles usuarios con consumo anual superior a 5 millóns de kWh, poderanse engadir ó contrato tipo cláusulas particulares libremente acordadas en función da especificidade da subministración, sen máis limitación que a de non poderen conter cláusulas contrarias á Lei do sector de hidrocarburos nin ás normas vixentes en cada momento.

3. Se a conexión das instalacións do consumidor se efectúa na rede de transporte, o contrato de tarifa de subministración deberase subscribir cun distribuidor que conte con autorización na zona. Nos casos de suspensión de subministración e resolución de contratos, o distribuidor comunicarllo ó transportista ó que estea conectado o consumidor para que proceda a facer efectivo o corte.

4. Sen prexuízo de que a normativa vixente poida considerar outros prazos para subministracións específicas, a duración dos contratos de subministración a tarifa será anual e prorrogarase tacitamente por prazos iguais. Non obstante o anterior, o consumidor poderase dar de baixa na subministración antes dese prazo, sempre que o comunique de maneira que faga fe á empresa distribuidora cunha anticipación mínima de seis días hábiles á data en que desexa a baixa da subministración, todo isto sen prexuízo das condicións económicas que resulten en aplicación da normativa tarifaria vixente.

5. O consumidor ten dereito a que a empresa distribuidora o informe e asesore no momento da contratación, cos datos que lle facilite, sobre a tarifa e caudal máximo diario contratado máis conveniente e demais condicións do contrato, podendo elixi-la tarifa que estime conveniente, entre as oficialmente aprobadas, tendo en conta a presión máxima de deseño do gasoducto ó que estea conectado.

6. As empresas distribuidoras estarán obrigadas a atender-las peticións de modificación de tarifa e caudal diario máximo contratado.

Ó consumidor que cambiase voluntariamente de tarifa ou de caudal diario máximo contratado, poderá negár-selle pasar a outra mentres non transcorresen, como mínimo, doce meses, excepto se se produce algún cambio na estrutura tarifaria que lle afecte.

Artigo 38. *Contratos no mercado liberalizado.*

As subministracións por terceiros no mercado liberalizado requirirán un contrato por escrito entre unha empresa comercializadora debidamente autorizada e o consumidor cualificado no que se recollerán tódalas condicións da subministración, seguranza, continuidade do servizo, calidade, repercusións económicas por incumprimento da calidade da subministración, medición e facturación desta, causas de rescisión, mecanismos de subrogación e mecanismos de arbitraje, se for o caso.

Os ditos contratos non poderán conter cláusulas contrarias ó disposto na Lei 34/1998, do 7 de outubro,

do sector de hidrocarburos e disposicións de desenvolvemento, e as controversias que puidesen xurdir na súa aplicación resolveranse na vía xurisdiccional, sen prexuízo da aplicación, se é o caso, dos procedementos de arbitraje previstos no ordenamento xurídico.

Artigo 39. *Traspaso e subrogación dos contratos de subministración a tarifa.*

1. Para un punto de subministración, o consumidor que estea ó día do pagamento poderá traspasa-lo seu contrato a outro consumidor que vaia facer uso del en idénticas condicións. O titular porao en coñecemento da empresa distribuidora mediante comunicación que permita ter constancia para efectos de expedición do novo contrato.

2. Para a subrogación en dereitos e obrigas dun contrato de subministración a tarifa bastará a comunicación que permita ter constancia á empresa distribuidora para efectos do cambio de titularidade do contrato.

3. Nos casos en que o usuario efectivo do combustible, con xusto título, sexa persoa distinta ó titular que figura no contrato, poderá esixir, sempre que se encontre ó día do pagamento, o cambio ó seu nome do contrato existente, sen máis trámites.

4. A empresa distribuidora non percibirá ningunha cantidade pola expedición dos novos contratos que deriven dos cambios de titularidade sinalados nos puntos anteriores, sempre que non se requiran actuacións nas instalacións do cliente.

5. Non obstante o anterior, para as modificacións de contratos de usuarios conectados a gasoductos de presión inferior a 4 bar, cunha antigüidade superior a vinte anos, as empresas distribuidoras deberán proceder á verificación das instalacións, autorizándose a cobrar, neste caso, os dereitos de verificación vixentes. Se, efectuada esta verificación, se comprobase que as instalacións non cumpren as condicións técnicas e de seguranza regulamentarias vixentes na data do traspaso, a empresa distribuidora deberá esixir-la adaptación das instalacións e a presentación do correspondente boletín do instalador.

Artigo 40. *Resolución dos contratos a tarifas.*

Serán causas de resolución dos contratos a tarifas as seguintes:

1. A solicitude de baixa por parte do usuario ou o cambio do usuario ó mercado liberalizado.

2. Para un mesmo punto de subministración, se un consumidor con xusto título para ese punto solicita a formalización dun novo contrato, a resolución do anterior contrato será automática sempre e cando non exista débeda contraída.

3. A interrupción da subministración durante máis de dous meses desde a data de suspensión.

4. A suspensión da subministración nos casos de fraude dará lugar á resolución automática do contrato.

CAPÍTULO IV

Cesión de gas de transportistas a distribuidores para a subministración de gas a tarifas

Artigo 41. *Cesión de gas para o mercado a tarifa.*

Os distribuidores para atenderen as subministracións a tarifa deberán adquiri-lo gas ó transportista ás redes do cal estean conectados, directamente ou indirectamen-

te a través doutro distribuidor, ó prezo de cesión ó que se refire o artigo 28 do Real decreto 949/2002, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural.

Artigo 42. *Condicións da cesión de gas para o mercado a tarifa.*

Os transportistas e distribuidores deberán celebrar un contrato que estableza as condicións da cesión, incluíndo, como mínimo, os seguintes puntos:

a) A obriga do transportista de atender á demanda do distribuidor para a subministración do mercado a tarifa.

b) As condicións de interrupción da subministración, que, no caso de subministracións firmes, soamente será posible en caso de mantemento de redes ou forza maior.

c) A obriga do distribuidor de comunicar ó transportista a cantidade e localización xeográfica dos consumos interrompibles, consumos e condicións de interrompibilidade.

d) O punto de entrega do gas natural a partir do cal se entenderán transferidos os riscos asociados a el.

e) A previsión de consumos, caudais e a presión mínima en cada punto de entrega.

f) As condicións de medición e operación de conformidade co que dispoñan as normas de xestión técnica do sistema.

g) As condicións de facturación e pagamento.

CAPÍTULO V

Control de puntos de consumo e cambio de subministrador

Artigo 43. *Sistema de intercambio de información para a xestión do cambio de subministrador.*

1. As empresas distribuidoras disporán dun sistema de intercambio de información cos transportistas, comercializadores e consumidores cualificados que permita conseguí-los seguintes obxectivos:

a) Garanti-la adecuada protección do consumidor.

b) Minimiza-la carga de traballo para o consumidor nos distintos procesos que afectan a subministración.

c) Estandariza-la información a transmitir e os medios polos que se remite.

d) Minimiza-lo prazo desde o momento da sinatura dun contrato de subministración de gas polo consumidor cun comercializador ata a data de entrada en vigor efectiva.

e) Minimiza-lo custo económico para o sistema gasista que representa a xestión dos procesos masivos de cambio de comercializador.

f) Facilitar ó novo comercializador a información necesaria para a xestión do novo contrato.

g) Evitar transferencias non consentidas polo consumidor.

h) Corrección de clientes erroneamente transferidos.

i) Evita-la existencia de consumidores sen subministrador.

j) Evitar que un cliente reciba facturas inadecuadas de varios subministradores.

k) Garanti-la correcta agregación da medida do gas consumido e a súa correcta imputación.

l) Facilita-la continuidade de subministración en caso de fallo de subministrador.

m) Favorece-la atención ante reclamacións.

2. As empresas distribuidoras disporán como soporte do sistema de intercambio de información dunha base de datos que conteña toda a información que permita facer efectivo o cambio de subministrador. Nesta base de datos, que estará permanentemente actualizada, deberán constar tódolos puntos de subministración conectados ás súas redes e ás redes de transporte da súa zona, con independencia de que teña contrato de subministración vixente, e para cada un deles recolle-ranse polo menos os seguintes datos:

a) Datos relativos ó punto de subministración:

- 1.º Empresa distribuidora
- 2.º Localización do punto de subministración: enderezo, poboación, provincia.
- 3.º Presión de subministración.
- 4.º Características do punto de subministración: tarifa ou peaxe actual ou prevista, caudal máximo contratado, se é o caso.
- 5.º Data da última revisión das instalacións receptoras do usuario.

b) Datos relativos ó consumidor:

- 1.º Código de identificación do punto de subministración.
- 2.º Datos do consumidor: nome, enderezo, NIF/CIF.
- 3.º Consumos do último ano natural e caudais medidos periodificados segundo facturación e, se é o caso, os caudais máximo e mínimo medidos con detalle mensual.
- 4.º Empresa que realiza a subministración e data en que a iniciou.
- 5.º Código identificador do equipamento de medida.
- 6.º Características e propiedade do equipamento de medida.
- 7.º Empresa que efectúa a medida.
- 8.º Data de saída do cliente de tarifa ó mercado liberalizado, se é o caso.

A información recollida na alínea a), relativa ó punto de subministración, será accesible a tódolos transportistas, distribuidores e comercializadores; e a información recollida na alínea b), relativa ó consumidor, só será accesible para este mediante a presentación do código de identificación do punto de subministración e do NIF/CIF do consumidor ou calquera outro dato que o identifique formalmente. Así mesmo, poderá acceder á información recollida na alínea b) calquera suxeito que presente a documentación anterior, así como unha autorización expresa e por escrito do consumidor.

O código de identificación do punto de subministración porase en coñecemento da Comisión Nacional de Enerxía, para os efectos de desenvolvemento das súas funcións en relación coas propostas de liquidación da retribución das actividades reguladas do sector de gas natural.

3. As empresas distribuidoras e comercializadoras deberán dotar dos sistemas informáticos necesarios que permitan a conexión entre sistemas e o intercambio da información, de maneira que se posibilite a consulta de datos da base de datos referenciada e a recepción e validación informática de solicitudes e comunicacións cos suxeitos relacionados coa contratación.

Artigo 44. *Cambio de subministrador.*

1. Calquera consumidor con subministración de gas natural e que teña a consideración de cualificado poderá solicitar, por si mesmo ou mediante a empresa comercializadora que vaia subministralo, un cambio de subministrador.

2. As solicitudes de cambio de subministrador deberán recoller cando menos a información seguinte:

- a) Data da solicitude ou comunicación.
- b) Identificación do consumidor: CIF/NIF do cliente, nome, domicilio.
- c) Identificación do punto de subministración.
- d) Conformidade do cliente co cambio de subministrador.
- e) Empresa que está realizando a subministración.
- f) Empresa que vai realiza-la subministración.
- g) Empresa responsable da medida.
- h) Características e propiedade dos equipamentos de medida.
- i) Condicións da nova contratación (tarifa, peaxes, etc.), que permitan efectua-la facturación do consumo ou as peaxes asociadas.
- j) Duración e tipo de contrato.

3. Para subministracións a presión inferior ou igual a 16 bar a solicitude presentárase á empresa distribuidora, a cal procederá á súa validación, comprobando que os datos que figuran nela corresponden cos recollidos na base de datos a que fai referencia o artigo 43, e que o novo subministrador está debidamente autorizado para exercer-la dita actividade. Naquelas subministracións que supoñan un consumo anual unitario superior a 10 GWh solicitará, así mesmo, a validación puntual das solicitudes por parte dos transportistas propietarios de instalacións de entrada ó sistema de transporte e distribución.

Os transportistas revisarán as solicitudes con consumos anuais inferiores a 10 GWh, de forma agrupada por comercializador e punto de entrada para realiza-las comprobacións para as que os habilita a regulamentación vixente en relación co acceso de terceiros.

O prazo máximo para validación de solicitudes será de seis días hábiles a partir da recepción da solicitude, comunicando ó solicitante as posibles deficiencias dentro dese prazo.

4. Para subministracións a presión superior a 16 bar as solicitudes de cambio de subministrador validáranse e tramítaranse de acordo co disposto no Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector do gas natural.

Artigo 45. *Cambio dun consumidor do mercado regulado ó mercado liberalizado.*

1. Calquera consumidor que teña a subministración de gas natural a tarifas e a consideración de cualificado poderá solicitar, por si mesmo ou a través da nova comercializadora, á distribuidora que tivese asignado o punto de subministración o cambio de subministrador, achegando a conformidade do consumidor.

2. Para os consumidores cun consumo anual inferior a 100.000 kWh, unha vez validada a solicitude de acordo co artigo 43, a empresa distribuidora deberá efectua-la estimación do consumo e liquidación da subministración a tarifas, comunicando á empresa comercializadora a data de cambio. A data de cambio coincidirá sempre co día 1, 11 ou 21 de cada mes, debendo o distribuidor selecciona-la data de cambio máis próxima á da validación.

3. Para os consumidores cun consumo anual igual ou superior a 100.000 kWh, unha vez validada a solicitude, a empresa distribuidora deberá efectua-la medición e liquidación da subministración a tarifas, comunicando á empresa comercializadora a data do cambio. A data de cambio coincidirá coa data real de lectura, que se efectuará durante os cinco últimos días hábiles

de cada mes, debendo o distribuidor selecciona-la data de cambio máis próxima á da validación.

Para consumidores con teledistribución a data de cambio efectuarase dentro dos seis días hábiles posteriores á data de validación da solicitude.

4. O cambio da subministración a tarifas ó mercado liberalizado non suporá o recoñecemento de ningún custo para o consumidor nin para a empresa comercializadora. A factura de liquidación da subministración incluirá exclusivamente os importes correspondentes á subministración ata a data do cambio. Calquera outro contrato existente entre o consumidor e o distribuidor non se verá afectado polo paso ó mercado liberalizado, podendo manterse ou rescindir de acordo coas condicións contractuais.

5. O cambio ó mercado liberalizado dun consumidor suporá de forma automática e a partir desa data a modificación do correspondente contrato de acceso ó sistema de transporte e distribución do comercializador e a facturación ó mesmo, das correspondentes peaxes. Esta modificación non será de aplicación ós contratos de acceso a plantas de regasificación, almacenamentos nin de entrada ó sistema de transporte e distribución, que permanecerán nas mesmas condicións establecidas nos contratos subscritos por cada comercializador.

6. En relación coa liquidación da subministración a tarifas, será de aplicación o disposto sobre reclamacións no artigo 61 e, en caso de falta de pagamento, a suspensión da subministración de acordo co artigo 57 deste real decreto.

7. As empresas distribuidoras e comercializadoras manterán durante cinco anos o rexistro histórico das comunicacións mantidas para o paso de clientes do mercado regulado ó mercado liberalizado para a resolución dos eventuais conflitos.

Artigo 46. *Cambio de comercializador no mercado liberalizado.*

1. Calquera consumidor a subministración do cal viña realizándose no mercado liberalizado poderá solicitar, por si mesmo ou a través da nova comercializadora, á distribuidora que tivese asignado o punto de subministración o cambio de comercializador, achegando a conformidade do consumidor.

2. Para os consumidores cun consumo anual inferior a 100.000 kWh, unha vez validada a solicitude, a distribuidora deberá efectua-la estimación do consumo comunicando á comercializadora que viña realizando a subministración e á nova comercializadora a data do cambio. A data de cambio coincidirá sempre co día 1, 11 ou 21 de cada mes, debendo o distribuidor selecciona-la data de cambio máis próxima á da validación.

3. Para os consumidores cun consumo anual igual ou superior a 100.000 kWh, unha vez validada a solicitude, a empresa distribuidora deberá efectua-la medición, comunicando á comercializadora que viña realizando a subministración e á nova comercializadora a data do cambio. A data de cambio coincidirá coa data real de lectura, que se efectuará durante os cinco últimos días hábiles de cada mes, debendo o distribuidor selecciona-la data de cambio máis próxima á da validación.

Para consumidores con teledistribución a data de cambio efectuarase dentro dos seis días hábiles posteriores á data de validación da solicitude.

4. O cambio de comercializador suporá de forma automática e a partir da data do mesmo a modificación dos correspondentes contratos de acceso ó sistema de transporte e distribución dos comercializadores afectados. Esta modificación non será de aplicación ós contratos de acceso a instalacións de regasificación, almacenamentos nin de entrada ó sistema de transporte e

distribución, que permanecerán nas mesmas condicións establecidas nos contratos subscritos por cada comercializador.

5. Os posibles conflitos na liquidación e rescisión do contrato de subministración resolveranse de acordo co estipulado neles e en calquera caso por aplicación da lexislación mercantil.

Artigo 47. *Cambio dun consumidor do mercado liberalizado ó mercado regulado.*

1. Calquera consumidor a subministración do cal viña realizándose no mercado liberalizado e que cumpra as condicións establecidas na disposición transitoria quinta da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, poderá solicitar ó seu distribuidor o cambio ó sistema regulado.

2. O distribuidor procederá ó cambio solicitado, co mesmo procedemento e prazos establecidos no artigo 46.

3. Unha vez realizado o retorno a tarifa o consumidor deberá permanecer polo menos un ano no sistema regulado.

Artigo 48. *Novos puntos de subministración.*

1. Para acceder á rede de distribución ou transporte, será necesario que o futuro consumidor ou quen o represente solicite a correspondente acometida á empresa distribuidora ou transportista de acordo co disposto neste real decreto. Unha vez realizada a acometida, o punto ou puntos de subministración incorporaranse á base de datos a que fai referencia o artigo 43, con independencia da sinatura do contrato de subministración.

2. A solicitude de contratación e posta en servicio dunha nova subministración no caso do mercado a tarifas, será efectuada polo consumidor á empresa distribuidora, quen realizará os trámites oportunos nun prazo non superior a seis días hábiles desde a finalización da acometida ou desde a finalización das instalacións particulares do consumidor, se estas non estaban preparadas ó finaliza-la acometida.

3. No caso do mercado liberalizado, a solicitude de posta en servicio á empresa distribuidora deberá ser realizada por escrito polo consumidor e, se é o caso, a súa empresa comercializadora, aínda que poderá representalo a súa comercializadora sempre e cando conte coa conformidade por escrito do cliente.

4. A empresa distribuidora procederá á validación da solicitude e á súa inclusión no sistema de intercambio de información, con base no rexistro de puntos de subministración, comunicando ó solicitante as posibles deficiencias nun prazo máximo de seis días hábiles a partir da recepción da solicitude. No caso en que fose necesaria a validación da solicitude polo transportista básico este prazo será de doce días hábiles.

5. Unha vez validada a solicitude, a empresa distribuidora procederá a dar servicio ó novo consumidor nun prazo non superior a seis días hábiles a partir da solicitude, comunicando ó usuario e á empresa comercializadora a data de inicio de subministración, e anotará na base de datos de puntos de subministración a nova situación do mesmo.

CAPÍTULO VI

Medida e control

Artigo 49. *Equipamentos de medida.*

1. En cada punto de subministración instalarase un equipamento de medida. Estes equipamentos terán superado o control metrolóxico establecido na Unión

Europea e cumpriran coas normas UNE-EN que lle sexan de aplicación.

A instalación dos equipamentos de medida, en instalacións receptoras conectadas a redes de menos de 4 bar, realizarase preferentemente en zonas comúns, de acordo co previsto na norma UNE 60670 e, unha vez finalizada aquela, procederase a precintalos de maneira que se asegure que non poidan ser manipulados por terceiros. Cando o equipamento de medida se sitúe dentro do límite de propiedade do usuario, este deberá facilita-lo acceso ó persoal debidamente acreditado que realice tarefas de lectura ou de mantemento.

2. Os equipamentos de medida de combustibles gasosos poderán ser propiedade do consumidor ou poderán ser alugados por este ás empresas distribuidoras e, neste caso, a empresa procederá á instalación deles non podendo esixir ningunha cantidade por isto.

No caso dos consumidores acollidos ás tarifas ou peaxes do grupo 3, ou aquelas que as puidesen substituír, as empresas distribuidoras están obrigadas a pór á súa disposición equipamentos de medida para o seu aluguer.

En tódolos casos, os equipamentos de medida serán precintados por persoal do distribuidor ou autorizado por el, sen que poida percibir por isto ningunha compensación económica.

3. Os consumidores incluídos nalgún dos grupos seguintes deberán dispor de equipamentos de telemedida capaces de realiza-la medición como mínimo de caudais diarios:

a) Os consumidores conectados a gasoductos con presión máxima de deseño superior a 60 bar.

b) Os consumidores conectados a gasoductos con presión de deseño superior a 4 bar e inferior ou igual a 60 bar e que teñan un consumo anual superior a 100.000.000 kWh.

O Ministerio de Economía, en función da evolución da tecnoloxía e da evolución do mercado, poderá modifica-los limiares para establece-la dita obriga.

4. A petición do consumidor e ó seu cargo, poderanse instalar equipamentos de medida de funcionamento por moedas, tarxetas ou outros sistemas de auto-control, que se acomodarán á estrutura tarifaria vixente. Estes equipamentos de medida deberán ser de modelo aprobado ou ter autorizado o seu uso e contar con verificación primitiva ou a que corresponda e precintaxe.

5. Os equipamentos de medida de gas natural subministrado ós consumidores cualificados mediante contratos non acollidos a tarifa deberán incorpora-los elementos necesarios para a medición das magnitudes requiridas para a facturación dos contratos de acceso á rede.

6. O consumidor será responsable da custodia dos equipamentos de medida e control e o propietario destes serao do seu mantemento.

Artigo 50. *Comprobación dos equipamentos de medida.*

1. Tanto os consumidores como as empresas transportistas, distribuidoras e, se é o caso, as comercializadoras, terán dereito a solicitar, do órgano da Administración competente onde estea a instalación, a comprobación e verificación dos contadores e outros aparellos que sirvan de base para a facturación, calquera que sexa o seu propietario.

Os gastos xerados pola comprobación e verificación do contador serán a cargo do solicitante no caso de que resulte correcto o seu funcionamento, e a cargo do propietario do equipamento en caso contrario.

2. No caso de comprobarse un funcionamento incorrecto, procederase a efectuar unha facturación com-

plementaria, entre a última revisión ou instalación do equipamento e o momento da comprobación. O período de corrección será a metade do tempo transcorrido desde a última revisión ou instalación do equipamento, sempre que non exista acordo na determinación do momento no que se produciu a causa do erro non admisible. En ningún caso este período poderá exceder dun ano.

En caso de que se facturasen cantidades inferiores ás debidas, a diferenza para efectos de pagamento poderá ser rateada en tantas facturas mensuais como meses transcorreran no erro.

En caso de que se aboasen cantidades en exceso, a devolución producirase na primeira facturación seguinte, sen que poida producirse fraccionamento dos importes que haxa que devolver. Neste caso, aplicaráselles ás cantidades adiantadas o xuro legal do diñeiro.

Artigo 51. *Lectura das subministracións.*

1. A lectura das subministracións será responsabilidade das empresas distribuidoras, no caso de subministración a tarifa.

2. No mercado liberalizado a lectura das subministracións será responsabilidade do comercializador ou do consumidor cualificado nos casos de que non se subministre a través dun comercializador autorizado. Neste caso, o responsable da lectura poderá proceder por si mesmo ou a través do correspondente distribuidor á medición das subministracións.

3. O responsable da lectura, en cada caso, poraa ó dispor dos axentes participantes ou interesados nela.

4. A periodicidade da lectura será mensual para aqueles usuarios cun consumo anual superior a 100.000 kWh. No resto dos casos, a periodicidade será mensual ou bimestral podendo o responsable da lectura solicitar ó órgano competente da comunidade autónoma a ampliación dese período ata un máximo de seis meses.

CAPÍTULO VII

Facturación e pagamento

Artigo 52. *Facturación da subministración a tarifas.*

1. A facturación da subministración a tarifas será efectuada pola empresa distribuidora mensualmente para os usuarios cun consumo anual superior a 100.000 kWh e mensualmente ou bimestralmente para o resto dos usuarios, e levarase a cabo conforme a lectura dos equipamentos de medida instalados para o efecto.

2. Nos casos en que o órgano competente da comunidade autónoma aprobase un período de lectura superior ós dous meses, a facturación farase con base en estimacións bimestrais con regularización no período de lectura.

3. Logo de acordo expreso entre as partes, poderase facturar unha cota fixa mensual proporcional ós consumos históricos e cando non os haxa cunha estimación do consumo mensual, previamente acordada, máis o termo de caudal máximo diario, se é o caso. En todo caso, e antes do día 31 de xaneiro de cada ano, producirase e facturarase unha regularización anual con base en lecturas reais.

Cando se pacte unha cota fixa mensual, a empresa distribuidora poderá esixir unha determinada forma de pagamento.

4. Nos casos en que non fose posible a realización da lectura do contador, por causas alleas á empresa, poderanse efectuar facturacións estimadas cunha regularización mínima anual.

5. No caso de que as empresas distribuidoras apliquen descontos sobre as tarifas máximas autorizadas

nun ámbito xeográfico determinado e a un número e categoría de consumidores determinada, estes descontos deberán ser públicos mediante publicación nun medio de comunicación de ampla difusión na provincia ou provincias de que se trate; así mesmo, darase traslado das condicións de aplicación dos ditos descontos ó organismo competente da comunidade autónoma e á Comisión Nacional de Enerxía.

6. Os suxeitos acollidos ó pagamento por domiciliación bancaria non se lles poderá cargar á conta ningunha cantidade ata transcorridos sete días naturais desde a remisión da factura.

Artigo 53. *Contido das facturas*

1. As facturas do distribuidor ós seus usuarios correspondentes ás subministracións de gas deberán incluír, como mínimo, a seguinte información:

- a) Número de identificación do punto de subministración.
- b) Data de emisión da factura.
- c) Período ó que corresponde a facturación.
- d) Consumo de gas facturado para ese período.
- e) Indicación de se o volume facturado é real ou estimado.
- f) Tarifas aplicadas e, se é o caso, disposicións oficiais en que se aprobaron e datas de publicación no «Boletín Oficial del Estado».
- g) Factores de conversión de unidades aplicados, coa súa xustificación.
- h) Descrición detallada da regularización en caso de terse realizado lecturas estimadas en períodos precedentes.

2. As facturas do comercializador ós seus consumidores deberán rexer polo establecido no correspondente contrato de subministración de gas, especificando en calquera caso o consumo, período de facturación e factores de conversión de unidades.

Así mesmo, o comercializador poderá incluír na súa factura a cantidade correspondente ó aluguer de contadores ó consumidor por parte do distribuidor, actuando por conta deste. O dito concepto deberá figurar detallado na factura que presente ós seus clientes.

No caso de que o comercializador realice a facturación do aluguer de contadores por conta do distribuidor, deberá figurar no contrato do comercializador que aquel teña co consumidor.

3. Na primeira factura, a partir do momento en que o distribuidor puxese en marcha o sistema de información de puntos de subministración establecido no artigo 43, deberá comunicar ós consumidores conectados ás súas instalacións o número de identificación do punto de subministración que lle corresponde, xunto coa información dos seus efectos para facilita-lo cambio de subministrador.

Artigo 54. *Período de pagamento dos contratos de subministración a tarifa.*

1. Para consumidores a tarifas, o período de pagamento establécese en vinte días naturais desde a emisión da factura por parte da empresa distribuidora. No caso de que o último día do período de pagamento fose sábado ou festivo, este vencerá o primeiro día laborable que o siga.

2. Dentro do período de pagamento, os consumidores poderán facer efectivos os importes facturados mediante domiciliación bancaria, a través das contas que sinalen as empresas distribuidoras en caixas de aforro

ou entidades de crédito, nas oficinas de cobramento da empresa distribuidora ou en quen esta delegue.

3. En zonas xeográficas onde existan dificultades para utiliza-los anteriores sistemas, o consumidor poderá facer efectivo o importe facturado mediante xiro postal ou outro medio similar.

CAPÍTULO VIII

Suspensión da subministración

Artigo 55. *Suspensión da subministración ós consumidores cualificados.*

1. A suspensión da subministración de gas natural ós consumidores cualificados estará suxeita ás condicións de garantía de subministración e suspensión que pactasen, ou por causas de forza maior, ou por situacións das que poida derivar ameaza certa para a seguranza das persoas ou as cousas.

2. Cando se rescindise un contrato de subministración entre un consumidor e un comercializador, o comercializador deberá comunicar tal circunstancia á empresa distribuidora e ó consumidor cun período mínimo de anticipación de seis días hábiles.

Nesa notificación, enviada ó consumidor e á empresa distribuidora, sinalarase que, salvo que o consumidor acredite dispor dun contrato de subministración con outro comercializador, ou solicite á empresa distribuidora o paso a tarifa, o distribuidor procederá á suspensión da subministración unha vez concluído o período establecido.

A notificación deberase efectuar por correo certificado ou calquera outro medio que garanta de maneira que faga fe a comunicación.

A empresa distribuidora procederá á suspensión da subministración se, chegada a data de rescisión do contrato, o comercializador non indicase o contrario ou o consumidor non acreditase a subscrición dun novo contrato con outro comercializador.

Nestes casos, cando o comercializador de gas natural non comunicase á empresa distribuidora a rescisión do contrato de subministración, a empresa distribuidora quedará exonerada de calquera responsabilidade sobre o gas natural entregado ó consumidor. No resto dos casos, a comercializadora non correrá con ningún custo asociado a esa subministración a partir da data de rescisión.

Artigo 56. *Suspensión da subministración a consumidores a tarifa.*

1. A empresa distribuidora poderá interrompe-la subministración ós seus usuarios nos seguintes casos:

- a) Cando se establezan derivacións para subministrar gas a unha instalación non prevista no contrato.
- b) Cando as instalacións receptoras ou aparellos consumidores de gas non contén coas autorizacións necesarias.
- c) Cando se manipule o equipamento de medida ou control ou se evite o seu correcto funcionamento.
- d) Por deficiente conservación das instalacións, cando isto supoña perigo para a seguranza de persoas ou bens.
- e) Cando o usuario non permita ó persoal autorizado pola empresa a entrada no local ou vivenda a que afecta o servizo contratado en horas hábiles ou de normal relación co exterior, para inspecciona-las instalacións ou efectua-la lectura do contador.
- f) Por falta de pagamento, de acordo co disposto no artigo 57 deste real decreto.

2. En tódolos casos anteriores a interrupción da subministración levaraa a cabo a empresa distribuidora, quen o comunicará ó usuario de forma que faga fe cunha anticipación mínima de seis días hábiles. Na comunicación deberá figura-la data de suspensión da subministración e a causa. O usuario poderá recorrer, nun prazo máximo de seis días, á administración competente, a cal resolverá sobre a suspensión nun prazo máximo de vinte días, entendéndose desestimada en caso de non existir resolución expresa. En caso de que o usuario recorra contra a suspensión da subministración, deberá remitir copia do recurso presentado á empresa distribuidora, que non poderá proceder á suspensión da subministración mentres non haxa resolución por parte da Administración.

3. No caso de suspensión da subministración por deficiente conservación das instalacións cando isto supoña perigo para a seguranza de persoas ou bens, a suspensión será realizada de forma inmediata pola empresa distribuidora, non sendo de aplicación o disposto no número anterior.

4. Mentres dure a suspensión da subministración non se seguirá facturando o termo fixo da tarifa.

Artigo 57. Suspensión da subministración a tarifa por falta de pagamento.

1. A empresa distribuidora poderá suspender-la subministración a consumidores privados a tarifa cando transcorresen polo menos dous meses desde que lles fose requirido de maneira que faga fe o pagamento, sen que este se fixese efectivo. Para estes efectos, o requirimento practícarase mediante remisión ó enderezo que para efectos de comunicación figure no contrato de subministración a tarifa, por calquera medio que permita ter constancia da recepción polo interesado ou polo seu representante, así como da data, identidade e contido do mesmo, quedando a empresa distribuidora obrigada a conservar no seu poder a acreditación da notificación efectuada. No suposto de rexeitamento da notificación, especificaranse as circunstancias do intento de notificación e terase por efectuado o trámite. Esta comunicación deberá incluí-lo trámite de interrupción da subministración por falta de pagamento, precisando a data a partir da que se interromperá, de non aboarse en data anterior as cantidades debidas.

2. No caso das administracións públicas, transcorridos dous meses desde que lles fose requirido de maneira que faga fe o pagamento sen que este se efectuase, comezarán a producirse xuros, que serán equivalentes ó xuro legal do diñeiro incrementado en 1,5 puntos. Se, transcorridos catro meses desde o primeiro requirimento, o pagamento non se fixese efectivo, poderase interrompe-la subministración.

3. Para proceder á suspensión da subministración por falta de pagamento, a empresa distribuidora non poderá sinalar como día para a interrupción un día festivo nin aqueles que, por calquera motivo, non exista servicio de atención ó cliente, tanto comercial como técnica para efectos da reposición da subministración, nin en véspera daqueles días en que se dea algunha destas circunstancias.

4. Efectuada a suspensión da subministración, esta será reposta como máximo nas corenta e oito horas seguintes do aboamento da cantidade debida, e a cantidade autorizada en concepto de reconexión da subministración, excepto nos casos nos que transcorrese o período que implique a rescisión do contrato.

Artigo 58. Suspensión temporal da subministración por causas técnicas.

1. Os distribuidores deberán mante-lo servicio de forma permanente ós consumidores conectados á súa

rede, excepto nos casos que se contemplan neste real decreto. Non obstante, poderá interrompe-la subministración temporalmente se concorre algunha das seguintes circunstancias:

- a) Por razóns de seguranza.
- b) Por causa de forza maior.
- c) Para efectuar tarefas de mantemento, reparación, substitución ou ampliación das instalacións de gas.

2. Para o cumprimento do disposto no artigo 88.2 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, deberase solicitar autorización previa ó órgano administrativo competente en materia de enerxía. Nesta solicitude describiranse os feitos, a xustificación das medidas adoptadas, a área afectada e a duración prevista da interrupción.

3. Salvo situacións de urxencia, o distribuidor deberá proceder a informar con anticipación suficiente os usuarios afectados e os comercializadores ós que preste o seu servicio sobre a intención de proceder á interrupción da subministración, tentando en tódolos casos minimiza-lo impacto que a interrupción poida causar ós usuarios afectados. Na dita información, farase constar-la causa que orixina a interrupción e a data prevista para reinicia-la subministración.

4. En tódolos casos, o distribuidor deberá comunicar ós usuarios e comercializadores afectados o reinicio da subministración, utilizando os medios máis adecuados.

O órgano administrativo competente poderá ordenar, con carácter inmediato, o feche ou a interrupción da subministración a instalacións das que o funcionamento defectuoso ameace a integridade de persoas ou bens.

Artigo 59. Gastos por desconexión e reconexión.

Os gastos que orixine a suspensión da subministración serán por conta da empresa distribuidora e a reconexión da subministración, en caso de corte xustificado e imputable ó consumidor, será por conta do consumidor, que deberá aboar unha cantidade equivalente ó dobre dos dereitos de enganche vixentes como compensación polos gastos de desconexión.

Artigo 60. Servicios declarados esenciais.

1. A suspensión da subministración non será de aplicación ós servicios esenciais, excepto nos casos de perigosidade certa para persoas e bens.

2. Para estes efectos consideraranse servicios esenciais os seguintes:

- a) Subministracións destinadas a centros sanitarios e hospitais que teñan incidencia na seguranza e benestar dos pacientes.
- b) Garderías e colexios de ensino obrigatorio.
- c) Asilos e residencias de anciáns.
- d) Subministracións destinadas a institucións directamente vinculadas á defensa nacional, ás forzas e corpos de seguranza, ós bombeiros, á protección civil e á policía municipal, salvo as construcións dedicadas a vivendas, economatos e zonas de recreo do seu persoal.
- e) Os medios de transporte público que utilicen gas como combustible.
- f) Aqueloutros servicios considerados de interese social ou comunitario que na súa lexislación específica sexan declarados como tales.

As empresas distribuidoras ou comercializadoras poderán afecta-los pagamentos que perciban daqueles dos seus clientes que teñan subministracións vinculadas

a servicios declarados como esenciais en situación de morosidade, ó aboamento das facturas correspondentes ós ditos servicios, con independencia da asignación que o cliente, público ou privado, atribúise a estes pagamentos.

CAPÍTULO IX

Reclamación e fraudes

Artigo 61. *Reclamacións.*

As reclamacións ou discrepancias que se susciten en relación co contrato de subministración a tarifas ou coas facturacións derivadas deles serán resoltas administrativamente polo órgano competente en materia de enerxía da comunidade autónoma ou cidades de Ceuta e Melilla, no territorio das cales se efectúe a subministración, independentemente das actuacións en vía xurisdiccional que puidesen producirse por instancia de calquera das partes.

Artigo 62. *Fraudes.*

1. Para efectos deste real decreto considerárase que existe fraude cando se produza algunha acción ou omisión tendente a modificar ou impedi-la medición da subministración contratada en prexuízo do distribuidor ou comercializador.

2. O distribuidor ou o comercializador poderá solicitar ó órgano competente da comunidade autónoma que sexa visitada e inspeccionada a instalación de calquera consumidor con obxecto de comproba-la existencia dunha posible fraude. O distribuidor poderá, así mesmo, solicita-la dita inspección para consumidores de comercializadores, sempre que aqueles estean conectados ás súas redes de distribución, comunicándolle previamente tal circunstancia.

3. O órgano competente da comunidade autónoma resolverá sobre a existencia ou non da fraude, así como a contía dela, se é o caso, comunicando a dita resolución ó solicitante e ó usuario.

4. A resolución por concepto de fraude terá carácter de acto administrativo e incluírá cantas circunstancias poidan contribuír a calcular con exactitude o tempo de duración da fraude.

Na citada resolución determinarase a contía da cantidade necesaria para corrixi-la fraude, así como os gastos derivados da inspección das instalacións.

5. Se o usuario non efectúa o pagamento do importe da liquidación oficial da fraude no prazo dun mes ou non fíxese o depósito deste, aplicarase o disposto no artigo 40.4 de suspensión da subministración con rescisión do contrato.

6. Nos casos de que a investigación dunha fraude, realizada a petición do distribuidor ou comercializador, resultase negativa, é dicir, non se demostrase a existencia de fraude, tódolos gastos que deriven da investigación serán a cargo do petionario dela.

CAPÍTULO X

Calidade de subministración do gas natural

Artigo 63. *Calidade do gas natural.*

1. Os límites de calidade do gas natural en relación á súa composición, poderes caloríficos e demais características da calidade do produto para a subministración corresponden ós aplicables ó gas do grupo H, segunda familia, de acordo coa clasificación de gases da norma

UNE-EN-437, e deberán cumprilo indicado nas normas de xestión técnica do sistema.

O transportista disporá de equipamentos de medida de calidade do gas segundo o disposto ó respecto nas normas de xestión técnica do sistema.

2. O ministro de Economía, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, aprobará as condicións de calidade de subministración e calidade de servicio, así como as consecuencias do seu incumprimento.

Artigo 64. *Odorización do gas natural.*

O gas natural deberá ser odorizado, de forma que calquera fuga poida ser detectada con facilidade polo olfacto humano normal cando exista unha mestura de concentración volumétrica igual a un quinto da correspondente ó límite inferior de inflamabilidade.

Os transportistas entregarán o gas natural odorizado nas redes de distribución ou ós clientes directamente conectados ás súas redes. Os distribuidores deberán asegurarse de que o gas natural que entreguen ós consumidores posúa o cheiro característico, engadindo compostos odorizantes na proporción necesaria cando fose preciso.

Artigo 65. *Definición de interrupción da subministración.*

1. Considerárase como interrupción da subministración de gas natural, cando se realice a subministración por debaixo das presións que se establecen no número seguinte.

2. As presións mínimas nos puntos de subministración, nas redes de distribución do gas natural, por debaixo das cales se considerará interrupción da subministración son as seguintes:

a) 18 mbar relativos se están situados nunha rede de presión máxima de servicio menor ou igual a 0,05 bar relativos.

b) 50 mbar relativos se están situados nunha rede de presión máxima de servicio superior a 0,05 bar relativos ata 0,4 bar relativos.

c) 0,4 bar relativos se están situados nunha rede de presión máxima de servicio superior a 0,4 bar relativos ata 4 bar relativos.

d) 3 bar relativos se están situados nunha rede de alta presión de presión máxima de servicio superior a 4 bar relativos ata 16 bar relativos.

e) 16 bar relativos se están situados nunha rede de alta presión de presión máxima de servicio superior a 16 bar relativos.

Artigo 66. *Interrupcións de subministración de gas natural.*

1. Cando, no caso dos clientes a tarifa, se producién interrupcións de subministración, a empresa subministradora aplicará unha rebaixa do 10 por 100 nas facturas mensuais correspondentes ós aboados afectados por cada dúas interrupcións rexistradas no punto de subministración no mes, sempre que ningunha delas exceda cinco horas.

2. No caso dos clientes subministrados a través dunha empresa comercializadora, o desconto do 10 por 100 aplicarase sobre as peaxes que debe aboala comercializadora, sempre que a interrupción da subministración non sexa imputable á actuación desta.

No que respecta ós descontos aplicables polas empresas comercializadoras ós seus clientes debido a interrupcións da subministración de gas natural, aplicarase o disposto nas condicións pactadas entre as partes.

3. Se a duración das ditas interrupcións de servizo fose superior a cinco horas e inferior a un día, tanto no caso de clientes acollidos a tarifas como para os clientes subministrados por unha comercializadora, para efectos de calcula-lo desconto aplicable, computarase cada interrupción de subministración como dúas interrupcións. Se a interrupción durase un ou mais días, computaranse tres interrupcións por día de subministración interrompido. Non obstante, o desconto non poderá exceder en ningún caso do 50 por 100 do importe da factura.

4. O aboamento das cantidades devengadas efectuarase nos dous meses seguintes.

5. Cando a interrupción da subministración sexa debida a causas de forza maior ou de mantemento programado das instalacións, non se aplicarán as reducións na facturación mensual dos clientes a tarifas nin nas peaxes citadas anteriormente.

6. Todo o anterior será de aplicación sen prexuízo da responsabilidade civil que poida derivarse dos danos causados como consecuencia da interrupción da subministración.

7. O disposto neste artigo non será de aplicación a aquelas subministracións que teñan a consideración de interomplables.

TÍTULO IV

Procedementos de autorización das instalacións de almacenamento, regasificación, transporte e distribución

Artigo 67. *Obxecto.*

1. O obxecto deste título é a regulación dos procedementos para o outorgamento de autorizacións administrativas para a construción, modificación, explotación, transmisión e feche de instalacións comprendidas na rede básica de gas natural, definida de acordo co previsto no artigo 59 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e daquelas outras instalacións de transporte secundario e distribución de gas natural cando o seu aproveitamento afecte máis dunha comunidade autónoma ou cando o transporte ou distribución saia do ámbito territorial dunha delas.

2. Non obstante o disposto no número anterior deste artigo, quedan excluídas do réxime de autorización establecido neste real decreto as instalacións de almacenamento de gas natural en estruturas subterráneas, que se rexerán pola normativa específica sobre exploración, investigación e explotación de xacigos de hidrocarburos.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 68. *Coordinación con plans urbanísticos.*

1. A planificación das instalacións de transporte e distribución de gas natural e instalacións auxiliares cando estas se localicen ou discorran por solo non urbanizable, deberá terse en conta no correspondente instrumento de ordenación do territorio. Así mesmo, e na medida en que esas instalacións se asenten en calquera das categorías de solo cualificado como urbano ou urbanizable, a dita planificación deberá ser contemplada no correspondente instrumento de ordenación urbanística, precisando as posibles instalacións, cualificando adecuadamente os terreos e establecendo, en ámbolos casos, as reservas de solo necesarias para o asentamento das novas instalacións e a protección das existentes.

2. Nos casos nos que non se tivese en conta a planificación gasista nos instrumentos de ordenación descritos no número anterior, ou cando as razóns xustificadas de urxencia ou excepcional interese para a subministración de combustibles gasosos aconsellen o establecemento de instalacións de transporte ou distribución, e sempre que en virtude do establecido noutras leis, resultase preceptivo un instrumento de ordenación do territorio ou urbanístico segundo a clase de solo afectado, aplicarase o disposto no artigo 244 do texto refundido da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1992, do 26 de xuño, ou o texto autonómico que corresponda. Para estes efectos considerarase a instalación como de interese xeral.

Artigo 69. *Autorización das instalacións competencia da Administración xeral do Estado. Órganos competentes.*

1. As competencias sobre as instalacións descritas no anterior artigo 67.1 son de titularidade da Administración xeral do Estado e serán exercidas pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, sen prexuízo do que se indica nos seguintes puntos deste artigo.

2. A tramitación dos expedientes de autorizacións administrativas, de recoñecemento en concreto de utilidade pública e de aprobación do proxecto de execución de instalacións gasistas será levada a cabo polas direccións das áreas ou, se é o caso, dependencias de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno das provincias onde se encontre a instalación.

3. En todo caso, corresponderá ás direccións das áreas ou, se é o caso, dependencias de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno das provincias onde se encontre a instalación, o levantamento das actas de posta en servizo tanto das novas instalacións descritas no anterior artigo 67 como das súas ampliacións e modificacións.

4. A realización de construcións ou calquera tipo de obras por terceiros que afecten a zona de servidume das conductiones de transporte de gas, así como de cruzamentos de instalacións doutros servizos con esas conductiones de gas, ou calquera outra afección á súa zona de servidume, deberán ser solicitadas ás citadas direccións das áreas ou, se é o caso, dependencias de Industria e Enerxía que, logo de informe requirido á empresa titular das canalizacións de gas, resolverán en relación co outorgamento dos correspondentes permisos.

5. A tramitación do expediente expropiatorio, unha vez recoñecida a utilidade pública, será competencia da delegación do Goberno correspondente, segundo o teor do artigo 23 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

CAPÍTULO II

Autorizacións para a construción, ampliación, modificación e explotación de instalacións

Artigo 70. *Actos administrativos da autorización.*

1. A construción, ampliación, modificación e explotación de tódalas instalacións gasistas ás que se refire o artigo 67.1 deste real decreto requiren as resolucións administrativas seguintes:

a) Autorización administrativa, que se refire ó proxecto xenérico da instalación como documento técnico-económico que se tramitará, se é o caso, conxuntamente co estudo de impacto ambiental, e outorga

á empresa autorizada o dereito a realizar unha instalación concreta en determinadas condicións.

b) Aprobación do proxecto de detalle das instalacións ou da súa execución, que se refire ó proxecto concreto da instalación e permite ó seu titular realiza-la construción ou establecemento desta.

c) Autorización de explotación, que permite, unha vez executado o proxecto, pór en gas as instalacións e proceder á súa explotación comercial, e concretarase mediante o levantamento da acta de posta en servizo das instalacións.

2. As solicitudes de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución definidas nas alíneas a) e b) do presente artigo poderán efectuarse de maneira conxunta ou separada.

3. Non obstante o anterior, para aquelas modificacións que non impliquen alteración das características técnicas básicas e de seguranza tanto da instalación principal como das súas instalacións auxiliares en servizo, entendendo por características técnicas básicas a presión, diámetro das canalizacións, capacidade de transporte, puntos de derivación e dispositivos fundamentais de medida e de seccionamento, capacidade de almacenamento, capacidade de regasificación, capacidade de descarga de GNL, etc., nin se requira declaración en concreto de utilidade pública para a realización das modificacións previstas, ou no caso de puntos de conexión provisionais, non será necesario o outorgamento dos actos previstos nas anteriores alíneas a) e b) deste artigo, aínda que estarán suxeitas, logo de acreditación das condicións regulamentarias de seguranza, á autorización de explotación prevista na anterior alínea c) deste artigo.

4. Con independencia dos actos administrativos relativos á autorización das instalacións previstos no presente artigo, o seu réxime retributivo e a súa inclusión no réxime económico que lles sexa aplicable rexeranse polo previsto no Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural, e nas disposicións que o desenvolven.

Artigo 71. *Forma de autorización das novas instalacións da rede básica de gas natural.*

1. As autorizacións administrativas das novas instalacións comprendidas na rede básica de gas natural, contempladas na planificación en materia de hidrocarburos prevista no artigo 4 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, deberán ser outorgadas preferentemente polo sistema de concorrencia, conforme o previsto neste real decreto, mediante concurso público promovido e resolto pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, de forma que se garanta a súa transparencia, obxectividade e libre concorrencia.

2. Non obstante o anterior, e con carácter excepcional, as empresas interesadas en emprender algunha nova instalación da rede básica de gas natural, por consideraren xustificada a súa necesidade, para a que non se iniciase aínda o procedemento de concorrencia a que se fai referencia no punto anterior, poderán solicitar que lles sexa outorgada de forma directa a autorización da dita instalación.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, unha vez recibida unha solicitude de autorización de forma directa dunha determinada instalación, solicitará, en caso de que non se producise previamente, proposta do xestor técnico do sistema en relación coa necesidade de emprender-la realización da instalación solicitada para o sistema gasista, en concordancia co previsto na alínea h) do artigo 64 da Lei 34/1998, en canto á ampliación

da rede básica de gas natural. Á vista da citada proposta do xestor técnico do sistema, e logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá resolver sobre a forma de autorización da referida instalación.

3. En todo caso, e con independencia da forma de autorización das instalacións gasistas, o procedemento xeral da súa autorización deberase axustar ó previsto no artigo 70 deste real decreto, sobre actos administrativos da autorización.

Artigo 72. *Autorización de instalacións de forma directa.*

1. No caso de que se considerase procedente o outorgamento da autorización de forma directa dunha determinada nova instalación comprendida na rede básica de gas natural, segundo o previsto no número 2 do artigo anterior, notificaráselle ó solicitante da nova instalación, dispoñendo este dun prazo de seis meses para proceder á presentación dunha solicitude de autorización administrativa, conforme o disposto nos artigos 75 e seguintes deste real decreto.

2. Transcorrido o prazo anterior sen que se presentase a correspondente solicitude de autorización administrativa, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía poderá proceder a autoriza-la dita instalación mediante procedemento de concorrencia ou encomendar ó transportista que estea realizando as funcións de xestor técnico do sistema que leve a cabo a realización dos proxectos e a subseguinte construción das instalacións.

3. As autorizacións administrativas das ampliacións e modificacións das instalacións gasistas en funcionamento outorgaranse de forma directa logo de solicitude do seu titular, na que deberá xustificar detalladamente a necesidade de emprender-la petición formulada. Así mesmo, poderán autorizarse de forma directa todas aquelas instalacións non incluídas na rede básica de gas natural.

Artigo 73. *Autorización de instalacións mediante procedemento de concorrencia.*

Cando unha instalación deba ser autorizada mediante procedemento de concorrencia, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía resolverá conforme o seguinte procedemento:

1. Publicará no «Boletín Oficial del Estado» as bases do concurso para outorgamento da autorización administrativa dunha instalación gasista, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía.

2. Nelas determinarase a forma de presentación das ofertas, os prazos e os criterios para avalialas, as características técnicas da instalación, a contía máxima de retribución polo investimento nas ditas instalacións, así como as fianzas que constituirán os solicitantes.

3. O contido da solicitude de presentación ó procedemento de concorrencia esixirá a presentación dunha memoria-resumo, que deberá conte-los seguintes datos:

a) Localización da instalación ou, cando se trate de gasoductos, orixe, percorrido orientativo e fin da instalación.

b) Obxecto da instalación.

c) Características principais da instalación.

d) Plano de situación.

e) Orzamento estimado e condicións de retribución da instalación ofertada.

f) Os prazos de solicitude de autorización administrativa, de aprobación do proxecto de detalle das instalacións, así como o prazo de execución das obras e posta en servizo das instalacións.

g) A documentación que acredite a capacidade do solicitante nos termos que se sinalan no artigo 74.

4. Así mesmo, poderán incorporar, se é o caso, condicións relativas ó destino da instalación para o caso de cesamento na explotación polo seu titular e que poderán supo-la súa transmisión forzosa ou desmantelamento.

5. Unha vez finalizado o período de recepción das ofertas, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas procederá a adxudica-lo concurso no prazo establecido nas súas bases.

6. O concurso será resolto pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas de acordo coas súas bases, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía.

7. A resolución do procedemento de concorrencia será notificada, no prazo de dous meses, desde a finalización do prazo de recepción de ofertas, ás empresas concorrentes, debendo constituí-la empresa gañadora do concurso, no prazo dun mes, a favor da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, unha fianza do 2 por 100 do orzamento previsto das instalacións.

A citada fianza poderá ser executada se, unha vez vencidos os prazos previstos na oferta presentada, a empresa adxudicataria non dese cumprimento ás obrigas imputables a ela derivadas do concurso.

8. Transcorridos os prazos citados no punto anterior sen que a empresa transportista gañadora do procedemento de concorrencia constituíse a fianza ou presentase a correspondente solicitude de autorización administrativa, ou cando quedase deserto o procedemento de concorrencia, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá encomendar ó transportista que estea realizando as funcións de xestor técnico do sistema que leve a cabo a realización dos proxectos e a subseguinte construción das instalacións, no caso de instalacións da rede básica de gas natural que, de acordo co artigo 4 da Lei 34/1998, teñan carácter obrigatorio e de mínimo esixible para a garantía da subministración, na planificación enerxética, quen deberá no prazo de seis meses presenta-la correspondente solicitude de autorización administrativa da nova instalación, debendo ser retribuído o investimento correspondente pola contía máxima indicada nas bases do concurso.

9. No caso de nulidade da solicitude de autorización administrativa durante o procedemento de concesión, procederase de maneira análoga ó disposto no caso do número anterior.

Artigo 74. *Capacidade do solicitante.*

Os solicitantes das autorizacións de instalacións de transporte e distribución de gas natural ás que se refire o presente título cumprí-los requisitos establecidos para o desenvolvemento desta actividade nos artigos 5 e 9 deste real decreto, respectivamente, relativos a requisitos dos suxeitos para o exercicio da actividade de transporte e de distribución, e acredita-la súa capacidade legal, técnica e económico-financeira para a realización do proxecto.

Artigo 75. *Solicitude de autorización administrativa.*

1. As solicitudes das autorizacións administrativas ás que se refire o presente capítulo dirixíranse á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, debendo reuni-los requisitos sinalados no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O peticionario presentará a correspondente solicitude de autorización administrativa para a construción, ampliación, modificación ou explotación de instalacións

gasistas de almacenamento, regasificación, transporte ou distribución, perante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, ou nas direccións das áreas ou, se é o caso, dependencias de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno das provincias onde radique a instalación. Igualmente, poderán presentarse as correspondentes solicitudes ante calquera dos lugares a que fai referencia o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As autorizacións ás que se refire o presente título serán outorgadas, sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan precisas, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ó ambiente.

3. As novas instalacións comprendidas na rede básica de gas natural para as cales se solicite autorización administrativa estarán incluídas na planificación gasista. Excepcionalmente, poderanse incorporar novas instalacións cando, téndose presentado como un feito imprevisito, sexa aconsellable e se cumplan os criterios de planificación establecidos.

4. As actuacións de carácter excepcional consideradas no punto 3 deberán ser propostas polo xestor técnico do sistema explicando os motivos da súa funcionalidade, correspondendo á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a súa aprobación logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía.

Artigo 76. *Contido da solicitude de autorización administrativa.*

A solicitude irá acompañada da documentación que acredite a capacidade do solicitante nos termos que se sinalan no anterior artigo 74.

Así mesmo xuntarase á solicitude un proxecto da instalación, que, como mínimo, deberá conter:

A) Memoria na que se consignen as especificacións seguintes:

a) Localización da instalación ou, cando se trate de instalacións de transporte ou distribución de gas natural, orixe, percorrido e fin.

b) Obxecto da instalación.

c) Características principais.

B) Planos da instalación a escala mínima 1:50.000.

C) Orzamento estimado.

D) Separatas técnicas relativas ás afeccións, se é o caso, da instalación a bens ou servizos dependentes das administracións públicas, organismos e empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral.

E) Os demais datos que a administración encargada de tramita-lo expediente estime oportuno reclamar.

Artigo 77. *Trámites de avaliación de impacto ambiental.*

Os proxectos de instalacións de almacenamento, regasificación, transporte e distribución de gas natural e instalacións complementarias someteranse a avaliación de impacto ambiental cando así o exixa a lexislación aplicable nesta materia.

Para tales efectos, a información pública necesaria de acordo coa normativa en materia de avaliación de impacto ambiental será levada a cabo na presente fase de autorización administrativa.

Artigo 78. *Información pública.*

1. As solicitudes formuladas conforme o artigo 75 someteranse ó trámite de información pública durante o prazo de vinte días, para o cal se inserirá un anuncio

extracto delas no «Boletín Oficial» da provincia ou provincias onde se encontre a instalación ou «Diario Oficial» da ou das comunidades autónomas respectivas, e ademais no «Boletín Oficial del Estado» e en dous dos xornais de maior difusión no correspondente ámbito territorial. No suposto de que a instalación afecte máis dunha provincia, corresponderá tramitarse a publicación do anuncio no «Boletín Oficial del Estado» á dirección da área ou, se é o caso, dependencia de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno da provincia en que teña a súa orixe a instalación.

Durante o citado prazo de vinte días, os interesados poderán formula-las alegacións que consideren oportunas.

2. No suposto de que se solicite simultaneamente a autorización administrativa e a declaración de utilidade pública, a información pública a que se refire o número anterior efectuarase conxuntamente coa correspondente á da declaración de utilidade pública.

Artigo 79. *Alegacións.*

Das alegacións presentadas, se é o caso, como consecuencia da información pública, darase traslado ó peticionario, para que este, pola súa vez, comunique á dirección da área ou, se é o caso, dependencias de Industria e Enerxía, das delegacións ou subdelegacións do Goberno das provincias encargadas da tramitación, o que considere pertinente nun prazo non superior a quince días. As direccións da área ou, se é o caso, dependencias de Industria e Enerxía remitirán as alegacións recibidas nas súas respectivas provincias e as manifestacións do peticionario en relación con elas á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía.

Artigo 80. *Información a outras administracións públicas.*

1. A administración competente para a tramitación dará traslado ás distintas administracións, organismos ou, se é o caso, empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral da documentación relativa á parte que a instalación poida afectar bens e dereitos ó seu cargo.

2. Para os anteriores efectos, será remitida pola Administración competente para a tramitación do expediente unha separata do proxecto que conterá as características xerais da instalación e a documentación cartográfica correspondente e, se é o caso, un documento de síntese do estudo de impacto ambiental, para que nun prazo de vinte días presten a súa conformidade ou oposición á autorización solicitada.

Transcorrido o dito prazo sen que as distintas administracións, organismos ou empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral afectadas nos seus bens e dereitos contestasen, a Administración encargada da tramitación reiterará o requirimento para que nun novo prazo de dez días se pronuncien sobre a conformidade ou oposición á instalación. Pasado o prazo de reiteración sen terse producido a contestación da Administración, organismo ou empresa requirida, entenderase a conformidade da dita Administración coa autorización da instalación. O anterior entenderase sen prexuízo das autorizacións que corresponda outorgar ás mencionadas administracións.

3. A Administración encargada da tramitación dará traslado ó solicitante da aceptación ou oposición, segundo o disposto no número anterior, para que no prazo de quince días preste a súa conformidade ou formule os reparos que considere procedentes.

4. En caso de reparos do peticionario, trasladaráselle á Administración, organismo ou empresa de servizo público ou de servizos de interese xeral que formulou a oposición, para que no prazo de quince días mostre

a súa conformidade ou reparos á dita contestación. Transcorrido o prazo sen que as administracións, organismos ou empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral citados emitisen novo escrito de reparos, entenderase a conformidade coa contestación efectuada polo peticionario.

Artigo 81. *Resolución da autorización.*

1. Concluídos os trámites de información pública e petición de informes a outras administracións e organismos, a que se refiren os artigos 79 e 80 precedentes, as direccións das áreas ou, se é o caso, dependencias de Industria e Enerxía, das delegacións ou subdelegacións do Goberno das provincias onde se encontre a instalación, remitirán á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía os expedientes administrativos da instalación, xunto cos seus informes, así como o correspondente proxecto.

No suposto de que a instalación afectase varias provincias, o proxecto será remitido polo órgano administrativo que efectuase a tramitación na provincia onde teña a súa orixe a correspondente instalación gasista.

2. Nos expedientes de autorización de novas instalacións, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas dará traslado da proposta de resolución á Comisión Nacional de Enerxía, que deberá emitir informe con carácter preceptivo.

3. Unha vez recibidos os expedientes e informes indicados nos puntos precedentes, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas resolverá sobre a autorización da instalación solicitada e notificará a resolución dentro dos seis meses desde a presentación da solicitude de autorización administrativa.

4. A falta de resolución expresa das solicitudes de autorización terá efectos desestimatorios, de conformidade co disposto no artigo 67.3 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, podendo interporse, se é o caso, recurso administrativo ante a autoridade correspondente.

5. A resolución deberase publicar no «Boletín Oficial del Estado» e no «Boletín Oficial» das provincias respectivas, e deberá ser notificada ó solicitante.

6. A autorización administrativa expresará o período de tempo contado a partir do seu outorgamento no cal deberá ser solicitada a aprobación do proxecto de execución, indicando que se producirá a súa caducidade se, transcorrido o dito prazo aquela, non foi solicitada, podendo solicita-lo peticionario, por razóns xustificadas, prórrogas do prazo establecido.

7. As autorizacións de instalacións de distribución deberán conter, entre os seus requisitos, a delimitación concreta da zona en que debe presta-la empresa distribuidora a subministración de gas, os compromisos de expansión da rede nesa zona e, se é o caso, o prazo para a execución das instalacións previstas no proxecto autorizado.

Artigo 82. *Constitución de fianza.*

Unha vez outorgada a autorización administrativa correspondente a unha nova instalación gasista, e para efectos de garanti-lo cumprimento das obrigas derivadas dela, o titular deberá constituír unha fianza ou garantía do 2 por 100 do orzamento das instalacións afectadas, ó dispor do director xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía.

A dita fianza ou garantía devolveráselle ó interesado unha vez que, formalizada a acta de posta en servizo das instalacións, o interesado o solicite e xustifique o cumprimento das súas obrigas derivadas da autorización.

Para efectos do previsto no presente artigo, poderase proceder á aplicación da fianza depositada de conformidade co punto 7 do anterior artigo 73, no caso de instalacións autorizadas mediante o procedemento de concorrencia.

Artigo 83. *Solicitud de aprobación do proxecto de execución.*

1. As solicitudes de aprobación dos proxectos de execución das instalacións gasistas serán dirixidas á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía polos titulares ou peticionarios dunha autorización administrativa das previstas no artigo 75 deste real decreto, debendo reuni-los requisitos sinalados no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O peticionario presentará a correspondente solicitude de aprobación do proxecto de execución das instalacións para a construción, ampliación ou modificación de instalacións gasistas, perante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, ou nas direccións das áreas ou, se é o caso, dependencias de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno das provincias onde se encontre a instalación. Igualmente, poderán presentarse as correspondentes solicitudes perante calquera dos lugares a que fai referencia o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Á citada solicitude deberáselle xunta-lo proxecto de execución das instalacións elaborado de conformidade cos regulamentos técnicos e de seguranza vixentes na materia, así como separatas técnicas correspondentes a aquelas partes do proxecto que afecten bens, instalacións, obras ou servicios, centros ou zonas dependentes doutras administracións, organismos ou, se é o caso, empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral, para que estas establezan o condicionado técnico procedente.

4. Cando se trate de instalacións de gas de carácter interprovincial, deberase realiza-lo trámite indicado no número anterior por provincias, presentando como mínimo para cada unha das provincias afectadas a parte correspondente do proxecto da instalación e as súas separatas.

5. Serán competentes para a tramitación da aprobación do proxecto de execución as direccións das áreas ou, se é o caso, dependencias de Industria e Enerxía, das delegacións ou subdelegacións do Goberno das provincias onde se encontre ou por onde discorra a instalación.

Artigo 84. *Condicionados e aprobación do proxecto.*

1. A Administración competente para a tramitación do expediente remitirá as separatas do proxecto presentado ás distintas administracións, organismos ou empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral afectadas, con bens e dereitos ó seu cargo, que non outorgasen xa a súa autorización, concesión, permiso ou licenza co condicionado correspondente na fase de autorización administrativa, co obxecto de que establezan o condicionado técnico procedente, no prazo de vinte días.

2. Non será necesario obte-lo dito condicionado:

a) Cando as distintas administracións, organismos e empresas mencionadas acordasen, de conformidade co Ministerio de Economía ou os departamentos autonómicos correspondentes, normas de carácter xeral para o establecemento das instalacións ou para o cruzamento

ou contigüidade das canalizacións de condución de gas cos bens, instalacións, obras, servizos, centros ou zonas a que se refire o artigo anterior.

b) Cando, remitidas as separatas correspondentes, transcorran vinte días e, reiterada a petición, transcorran dez días máis sen ter recibido resposta, teranse por aprobadas as especificacións técnicas propostas polo peticionario da instalación no proxecto de execución.

3. Daráselle traslado ó peticionario dos condicionados establecidos, para que no prazo de quince días preste a súa conformidade ou formule os reparos que considere procedentes.

4. A contestación do peticionario trasladarase á Administración, organismos ou empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral que emitiu o correspondente condicionado técnico, para que no prazo de quince días mostre a súa conformidade ou reparos á dita contestación. Transcorrido o dito prazo sen que a Administración, organismos ou empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral citados emitisen novo escrito de reparos sobre o seu condicionado, entenderase a conformidade coa contestación ó condicionado efectuada polo peticionario.

5. Concluídos os trámites precedentes, a dirección da área ou, se é o caso, dependencia de Industria e Enerxía practicará, se o considera oportuno, un recoñecemento sobre o terreo e reunirá os condicionados técnicos, se os houber, e elevará o correspondente informe sobre aprobación do proxecto de execución á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, xunto co correspondente proxecto de execución. No suposto de que a instalación afectase varias provincias, o proxecto será remitido polo órgano administrativo que efectuase a tramitación na provincia onde teña a súa orixe a correspondente instalación gasista.

6. Sen prexuízo do disposto no número 4 anterior e para o suposto de que se manteña a discrepancia en canto ó condicionado técnico entre o peticionario da instalación e algunha Administración ou organismo, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá ben resolver recollendo as condicións técnicas establecidas no condicionado ou ben, se discrepa deste, remitir proposta de resolución ó ministro de Economía, para a súa elevación ó Consello de Ministros.

7. O órgano competente deberá resolver e notificarla correspondente resolución nun prazo de tres meses. A falta de resolución expresa terá efectos desestimatorios, de conformidade co disposto no artigo 67.3 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, podendo interporse, se é o caso, recurso administrativo perante a autoridade correspondente.

8. A resolución deberá ser notificada ó peticionario.

9. A aprobación do proxecto de execución constitúe a resolución que habilita o titular dela para a construción da instalación proxectada.

10. A resolución deberá expresa-lo período de tempo, contado a partir do seu outorgamento, no cal está prevista a execución da instalación.

Artigo 85. *Autorización de explotación. Acta de posta en servizo.*

1. Unha vez executado o proxecto, presentarase a correspondente solicitude de acta de posta en servizo ante as direccións das áreas ou, se é o caso, dependencias de Industria e Enerxía, das delegacións ou subdelegacións do Goberno respectivas que tramitasen o expediente por provincias.

A dita solicitude xuntaráse un certificado de final de obra suscrito por técnico facultativo competente, no que conste que a instalación se realizou de acordo coa normativa e especificacións contempladas no

proxecto de execución aprobado, así como coas prescricións da regulamentación técnica e de seguranza aplicable ás instalacións obxecto do proxecto.

2. A acta de posta en servizo será expedida polas direccións das áreas ou, se é o caso, dependencias de Industria e Enerxía, das delegacións ou subdelegacións do Goberno, respectivas que tramitasen o expediente, no prazo dun mes, logo das comprobacións técnicas que se consideren oportunas. Se se tratase dunha instalación de gas que afecte a diferentes provincias, expedirase acta de posta en servizo por cada unha delas.

Durante o dito prazo, as referidas direccións das áreas ou, se é o caso, dependencias de Industria e Enerxía, das delegacións ou subdelegacións do Goberno, a petición do titular da instalación, poderán expedir acta de posta en servizo para probas desta.

3. Así mesmo, as citadas direccións de área ou, se é o caso, dependencias de Industria e Enerxía poderán expedir, por solicitude do interesado, actas de posta en servizo parciais para determinadas partes do proxecto cando o peticionario xustifique a necesidade do seu funcionamento con anterioridade á finalización do proxecto.

4. As direccións das áreas ou, se é o caso, dependencias de Industria e Enerxía, das delegacións ou subdelegacións do Goberno, deberán pór en coñecemento da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a data de posta en servizo das instalacións, remitindo copia, no prazo dun mes, da correspondente acta de posta en servizo. Así mesmo, remitirá copia da citada acta ó titular das instalacións.

CAPÍTULO III

Transmisión das instalacións

Artigo 86. *Solicitud.*

1. A solicitude de autorización administrativa de transmisión da titularidade dunha instalación de almacenamento, regasificación, transporte ou distribución de gas natural deberá ser dirixida á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía por quen pretenda adquiri-la titularidade da instalación.

A solicitude deberá ir acompañada da documentación que permita acreditar a capacidade legal, técnica e económica do solicitante, así como unha declaración do titular da instalación na que manifieste a súa vontade de transmitir-la dita titularidade.

Artigo 87. *Transmisión das instalacións.*

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía sobre a solicitude, resolverá e notificará sobre a solicitude, no prazo de tres meses. A falta de resolución expresa en prazo terá efectos desestimatorios, de conformidade co disposto no artigo 67.3, da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, podendo interperse, se é o caso, recurso administrativo perante a autoridade correspondente.

A partir do seu outorgamento, o solicitante contará cun prazo de seis meses para efectuar a transmisión da titularidade da instalación. Producirase a caducidade da autorización se, transcorrido o dito prazo, aquela non tivo lugar.

A resolución será notificada ó solicitante e ó transmitente. Outorgada a autorización, o solicitante deberá comunicar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a transmisión, no prazo dun mes desde que se faga efectiva.

CAPÍTULO IV

Autorización de feche de instalacións

Artigo 88. *Solicitud de autorización de feche de instalacións.*

1. O titular da instalación de almacenamento, regasificación, transporte ou distribución de gas natural que pretenda o feche dela deberá dirixi-la solicitude de autorización administrativa de feche, que deberá reunir os requisitos sinalados no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía.

2. O peticionario presentará a correspondente solicitude de feche da instalación ante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas ou nas direccións das áreas ou, se é o caso, dependencias de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno das provincias onde se encontre a instalación. Igualmente, poderán presentarse as correspondentes solicitudes ante calquera dos lugares a que fai referencia o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. O titular da instalación xuntará á solicitude un proxecto de feche, que deberá conter como mínimo unha memoria, na que se detallen as circunstancias técnicas, económicas, ambientais ou de calquera outra orde, polas que se pretende o feche, así como os planos actualizados da instalación a escala adecuada.

4. A solicitude poderase acompañar dun plan de desmantelamento da instalación, no suposto de que o solicitante así o pretenda.

Artigo 89. *Trámites da solicitude de feche de instalacións.*

1. A tramitación da solicitude será realizada pola dirección da área ou, se é o caso, dependencia de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno correspondentes.

2. No caso de instalacións baixo a xestión técnica do xestor técnico do sistema, este emitirá informe previo sobre a solicitude de autorización de feche.

3. No caso de instalacións de transporte a autorización de feche das cales deba ser outorgada polas comunidades autónomas, estas solicitarán informe previo á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, no que esta consignará as posibles afeccións do feche da instalación ós plans de desenvolvemento da rede e á xestión técnica do sistema.

Artigo 90. *Outorgamento da autorización de feche de instalacións.*

1. A dirección da área ou, se é o caso, dependencia de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno correspondentes, elevará o expediente de solicitude de feche xunto co seu informe á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, quen deberá, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, resolver e notificar sobre a autorización de feche da instalación nun prazo de tres meses.

A falta de resolución expresa terá efectos desestimatorios, de conformidade co disposto no artigo 67.3, da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, podendo interperse, se é o caso, recurso administrativo ante a autoridade correspondente.

2. En todo caso, a autorización de feche da instalación poderá impor ó seu titular a obriga de proceder ó seu desmantelamento.

A resolución deberá expresa-lo período de tempo contado a partir do seu outorgamento no cal deberá procederse ó feche e, se é o caso, ó desmantelamento da instalación, indicando que se producirá a caducidade da autorización se, transcorrido o dito prazo, aquel non tivo lugar.

3. A resolución notificaráselle ó solicitante e publicarse, en todo caso, no «Boletín Oficial del Estado», e no «Boletín Oficial» das provincias onde se encontre a instalación.

Artigo 91. *Acta de feche.*

Concedida a autorización de feche, a dirección da área ou, se é o caso, dependencia de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegacións do Goberno correspondentes e previas as comprobacións técnicas que se consideren oportunas, expedirase acta de feche cando este se faga efectivo.

CAPÍTULO V

Dereitos de ocupación do dominio público, expropiación forzosa, servidumes e limitacións de propiedade

Artigo 92. *Recoñecemento de utilidade pública.*

1. Para o recoñecemento en concreto de utilidade pública das instalacións de transporte e distribución de gas natural por canalización e instalacións auxiliares, será necesario que a empresa interesada o solicite, incluíndo unha relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos que o solicitante considere de necesaria expropiación ou ocupación.

2. Os titulares de autorizacións de construción, ampliación e modificación de instalacións de transporte e distribución de gas natural por canalización gozarán do beneficio de expropiación forzosa e ocupación temporal dos bens e dereitos que esixan as instalacións e servidumes necesarios, así como a servidume de paso e limitacións de dominio, nos casos en que sexa preciso para vías de acceso e liñas de conducción de gas e instalacións auxiliares necesarias para o seu funcionamento, tales como instalacións de subministración eléctrica, protección catódica, telemando e teleproceso e distribución de gas, incluíndo as necesarias para atender á vixilancia, conservación e reparación das instalacións, todo isto de conformidade co disposto no artigo 103 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

Artigo 93. *Liñas directas.*

A construción de liñas directas á que se refire o artigo 78 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, queda excluída da declaración de utilidade pública así como das disposicións que en materia de expropiación e servidumes se establecen no presente capítulo, quedando suxeitas ó ordenamento xurídico xeral.

Artigo 94. *Recursos.*

Contra as resolucións dictadas en materia de expropiación e imposición de servidume caberán os recursos previstos na Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e demais normativa aplicable.

Artigo 95. *Solicitud de recoñecemento de utilidade pública.*

1. Para o recoñecemento, en concreto, da utilidade pública das instalacións aludidas no artigo 92 será necesario que o petionario efectúe a correspondente solicitude dirixida á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía cos requisitos sinalados no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O petionario presentará a correspondente solicitude de recoñecemento, en concreto, da utilidade pública das instalacións ante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, ou nas direccións das áreas ou, se é o caso, dependencias de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno das provincias onde radique a instalación. Igualmente, poderán presentarse as correspondentes solicitudes ante calquera dos lugares a que fai referencia o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A solicitude de recoñecemento en concreto de utilidade pública poderase efectuar ben de maneira simultánea á solicitude de autorización administrativa ou de aprobación do proxecto de execución, ben con posterioridade á obtención da autorización administrativa.

4. A solicitude irá acompañada dun documento técnico e anexo de afeccións do proxecto que conteña a seguinte documentación:

a) Memoria xustificativa e características técnicas da instalación.

b) Planos de situación xeral, a escala mínima 1:25.000.

c) Planos parcelarios con identificación de predios afectados segundo o proxecto, situación de trazado das canalizacións e instalacións auxiliares e afeccións resultantes.

d) Relación das distintas administracións públicas afectadas, cando a instalación poida afectar bens de dominio, uso ou servizo público ou patrimoniais do Estado, comunidade autónoma e corporacións locais, ou a obras e servizos atribuídos ás súas respectivas competencias.

e) Relación concreta e individualizada na que se describan en tódolos seus aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria expropiación, xa sexa esta do pleno dominio de terreos así como de servidumes de paso e limitacións de dominio e servizos complementarios, se é o caso, tales como camiños de acceso ou outras instalacións auxiliares.

5. Serán competentes para a tramitación dos expedientes de solicitude de utilidade pública as direccións das áreas ou, se é o caso, dependencias de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno das provincias en que se encontre ou polas que discorra a instalación.

Artigo 96. *Información pública.*

A solicitude de recoñecemento, en concreto, de utilidade pública, xunto co documento técnico citado no artigo anterior, someterase ó trámite de información pública durante o prazo de vinte días.

Para estes efectos, inserirase anuncio, coa relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados polo procedemento de expropiación forzosa do pleno dominio, por limitacións de dominio, ou para a imposición de servidume de paso das instalacións gasistas,

e as súas instalacións auxiliares, no «Boletín Oficial del Estado» e no «Boletín Oficial» das provincias afectadas.

O anuncio publicarase tamén en dous dos diarios de maior circulación de cada unha das provincias afectadas.

Así mesmo, esta información comunicaráselles ós concellos nos termos municipais dos cales se encontren os bens ou dereitos afectados pola instalación, para a súa exposición ó público, no taboleiro de edictos dos concellos afectados por igual período de tempo.

A información pública establecida á que se refire este artigo, de acordo co previsto no artigo 78 deste real decreto, poderase realizar conxuntamente coa da autorización administrativa prevista neste título.

Artigo 97. *Alegacións.*

Se como consecuencia da información practicada, de acordo co artigo anterior, se presentasen alegacións, estas poranse en coñecemento do solicitante para que este pola súa vez comunique ó órgano encargado da tramitación o que considere pertinente nun prazo non superior a quince días, quen, pola súa vez, xunto co resto do expediente tramitado, remitirá as alegacións e as manifestacións do peticionario á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, así como, no caso de necesaria expropiación, un informe baseado no proxecto presentado, relativo ó cumprimento das condicións establecidas no artigo 95 deste real decreto.

Artigo 98. *Información a outras administracións públicas.*

1. O órgano encargado da tramitación do expediente, simultaneamente ó trámite de información pública, dará conta da solicitude e da parte do documento técnico polo que as distintas administracións, organismos, empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral resulten afectados, a fin de que estas emitan o correspondente informe. Entenderase que non existe obxección ningunha cando, pasados vinte días e reiterada a petición, transcorran dez días máis sen recibir resposta desas administracións ou organismos públicos ou das empresas sinaladas.

2. Entenderase realizado o trámite de informe a que se refire o número anterior cando, no suposto de terse solicitado conxuntamente a declaración de utilidade pública coa aprobación de proxecto de execución, se cumpran os requisitos e trámites establecidos no artigo 80 deste real decreto.

Artigo 99. *Oposición ou obxección.*

1. Se, conforme o establecido no artigo anterior, fosen formuladas obxeccións polas administracións, organismos ou empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral consultadas, poranse aquelas en coñecemento da entidade solicitante, a fin de que nun prazo de quince días realice as rectificacións correspondentes ou ben formule as razóns en que fundamente a imposibilidade de atender tales obxeccións.

2. Esta contestación será remitida pola administración que tramita o expediente ás administracións ou organismos públicos ou empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral que os formulasen para que nun prazo de quince días presten a súa conformidade ou reparos con ela. Entenderase a súa conformidade se dentro deste prazo as citadas administracións ou organismos non emiten un novo escrito de reparos.

Artigo 100. *Resolución.*

1. A resolución sobre o recoñecemento en concreto da utilidade pública corresponderá á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, se a autorización é de competencia estatal, salvo no caso de que se mantivesen expresamente as oposicións ou obxeccións sobre a declaración de utilidade pública por parte das administracións ou organismos públicos consultados e o Ministerio de Economía discrepase das súas propostas, caso en que a resolución do expediente corresponderá ó Consello de Ministros.

En todo caso, o órgano competente deberá dictar e notificarla correspondente resolución nun prazo de seis meses desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do dito órgano.

2. A resolución publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e no «Boletín Oficial» da provincia ou provincias afectadas.

A resolución notificaráselle ó solicitante e ós afectados conforme o previsto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Artigo 101. *Efectos do recoñecemento en concreto da utilidade pública.*

1. O recoñecemento en concreto da utilidade pública levará implícita a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, adquirindo a empresa solicitante a condición de beneficiario no expediente expropiatorio, de acordo co establecido no artigo 2.2 da Lei de expropiación forzosa.

2. Igualmente, levará implícita a autorización para o establecemento da instalación gasista, sobre terreos de dominio, uso ou servizo público, ou patrimoniais do Estado, ou das comunidades autónomas, ou de uso público propios ou comunais da provincia ou municipio, obras e servizos destes e zonas de servidume pública.

Artigo 102. *Procedemento de expropiación.*

Recoñecida a utilidade pública da instalación, as delegacións do Goberno correspondentes iniciarán as actuacións expropiatorias, conforme o procedemento de urxencia establecido no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e concordante do seu regulamento, sendo de aplicación o prazo dun mes para a notificación ós interesados afectados e ás publicacións ás que se refire o número 2 do citado artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, procedéndose á expropiación forzosa do pleno dominio dos terreos e dereitos necesarios para a construción da instalación e dos seus servizos auxiliares ou complementarios, se é o caso, ou ó establecemento das limitacións de dominio ou á constitución da correspondente servidume de paso.

Artigo 103. *Adquisición por mutuo acordo.*

En calquera momento, o solicitante do recoñecemento en concreto da utilidade pública poderá convir libremente cos titulares dos necesarios bens e dereitos a adquisición deles por mutuo acordo. Este acordo, no momento de declararse a utilidade pública da instalación, adquirirá a natureza e efectos previstos no artigo 24 da Lei de expropiación forzosa, causando, por tanto, a correspondente conclusión do expediente expropiatorio. Nestes supostos, o contrato de adquisición de dereitos por mutuo acordo asinado, terá para tódolos efectos

o mesmo alcance que a acta de ocupación, o beneficiario da declaración de utilidade pública poderá, se é o caso, solicitar da autoridade competente a aplicación do mecanismo establecido no artigo 59 do Regulamento de expropiación forzosa.

Artigo 104. Expropiación por instancia do dono do predio servente.

1. Cando a servidume de paso das instalacións de gas faga antieconómica a explotación do predio servente, o propietario poderá solicitar da Administración que lle sexa expropiado ese predio, adquirindo o titular da servidume o pleno dominio sobre el.

2. Na solicitude deberanse xustificar as causas concretas determinantes dos prexuízos económicos como consecuencia da alteración das condicións fundamentais de explotación do predio.

3. A Administración competente para tramita-lo expediente resolverá sobre esta solicitude no prazo de dez días. No caso de que se denegue a petición observárase o previsto no artigo 46 da Lei de expropiación forzosa.

Artigo 105. Modificación da servidume por instancia do dono do predio servente.

1. Constituída a servidume de paso, o titular do predio servente poderá solicita-lo cambio do trazado da canalización de gas se non existen para isto dificultades técnicas, sendo á súa costa os gastos de variación.

2. O titular do predio servente a quen interese a variación do trazado da canalización prevista no número anterior, poderá solicitar do órgano encargado da tramitación do expediente esa variación no caso de que non exista acordo ó respecto coa entidade titular da canalización de gas.

3. Na solicitude deberá acreditarse a conformidade previa dos novos propietarios afectados pola dita variación, debidamente documentada, así como o compromiso formal de sufragar tódolos gastos que ocasione a súa realización.

4. Desta petición daráselle audiencia ó beneficiario da servidume polo prazo de quince días, durante o cal presentará o orzamento total dos gastos de toda orde que leve consigo a variación de trazado e formulará, se é o caso, as alegacións que coide pertinentes.

5. Do orzamento que se menciona no número anterior daráselle traslado ó dono do predio servente para que o acepte ou o rexeite.

6. A Administración competente resolverá e notificará a solicitude no prazo de quince días, desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente, pronunciándose expresamente sobre o orzamento presentado e sinalando o prazo en que se deberán realiza-las obras da variación.

7. Se a resolución é favorable á variación, para levala a efecto o solicitante deberá aboar previamente ó titular da canalización de gas o importe total do orzamento a que se fai referencia no número anterior.

Artigo 106. Variación do trazado da canalización de gas como consecuencia de proxectos ou plans aprobados pola Administración.

1. Na elaboración por parte das distintas administracións públicas de proxectos ou plans que poidan varia-lo trazado dunha canalización de gas xa existente, daráselle audiencia á entidade titular da canalización, con obxecto de que formule as alegacións pertinentes sobre os aspectos técnicos, económicos e de calquera outra orde respecto á variación que se proxecte.

2. No expediente a que se refire o número anterior deberá emitir informe a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas ou o órgano autonómico que resulte competente.

3. A Administración competente sobre o proxecto ou plan do que derive a necesidade de variación da canalización de gas, unha vez que este fose aprobado, aboará ó titular da canalización o custo da variante e os prexuízos ocasionados.

Artigo 107. Causas de extinción da servidume de paso.

A servidume establecida para a execución dunha instalación de transporte ou distribución de gas ou instalación auxiliar regulada por este real decreto extinguirase:

a) Pola retirada da instalación. Sen embargo, non se producirá a extinción pola adición, cambio ou reparación dos seus elementos.

b) Pola falta de uso sen causa xustificada durante un prazo de nove anos desde que se interrompeu o servizo.

c) Por revogación ou extinción da autorización sobre a instalación.

d) Polas demais causas previstas no Código Civil.

Artigo 108. Determinación do prezo xusto e pagamento.

1. Efectuada a ocupación do predio, tramitárase o correspondente expediente de fixación do prezo xusto e pagamento, segundo a correspondente lexislación vixente en materia de expropiación forzosa e valoración do solo.

2. A indemnización polo valor dos bens e dereitos que se expropien determinarase de conformidade co previsto no capítulo III do título II da Lei de expropiación forzosa.

3. A indemnización pola imposición da servidume de paso comprenderá os seguintes conceptos:

a) O valor da superficie de terreo ocupado pola largura da gabia.

b) O importe do demérito que no predio servente ocasionen a servidume, as limitacións no uso e aproveitamento do predio como consecuencia do paso para a vixilancia, conservación e reparación da liña de conduction de gas e as restricións esixidas para a seguranza das persoas e as cousas.

c) A indemnización por danos e perdas derivados da ocupación temporal de terreos para depósitos de materiais ou para o desenvolvemento das actividades necesarias para a instalación e explotación da liña de conduction de gas.

Na indemnización deberase indicar de forma independente a parte da contía total correspondente a cada un deses conceptos.

Artigo 109. Alcance da servidume de paso das instalacións de gas.

1. A servidume de paso das instalacións de gas gravará os bens alleos na forma e co alcance que se determinan na Lei do sector de hidrocarburos, neste real decreto e na lexislación xeral sobre expropiación forzosa, e reputarase servidume legal para os efectos previstos no artigo 542 do Código Civil e demais con el concordantes.

2. No caso de que as instalacións poidan situarse sobre servidumes administrativas xa establecidas, deberase solicitar da autoridade ou organismo que acordou a imposición da servidume o informe correspondente, e adoptaranse as medidas necesarias para que as mes-

mas poidan seguir sendo utilizadas, caso de seren compatibles, ou, no seu defecto, procederase a substituílas, de acordo coa dita autoridade ou organismo.

Se non fora posible o acordo, procederase á súa cesión ou expropiación sen prexuízo das indemnizacións que procedan. No referente á ocupación do espazo marítimo-terrestre, observarase o disposto na Lei de costas.

Artigo 110. *Servidume de paso subterráneo de instalacións de gas.*

A servidume de paso de canalizacións de gas comprenderá:

a) A ocupación do subsolo pola canalización á profundidade e coas demais características que sinala a normativa técnica e urbanística aplicable.

b) O establecemento dos elementos de protección, control, comunicación e dispositivos auxiliares necesarios para as instalacións de transporte e distribución de gas.

c) O dereito de paso ou acceso para atender ó establecemento, vixilancia, conservación e reparación das instalacións de transporte e distribución de gas e as súas instalacións auxiliares necesarias.

d) A ocupación temporal de terreos ou outros bens, se é o caso, necesarios para os fins indicados.

Artigo 111. *Condicións de seguranza.*

As condicións e limitacións que deberán imporse en cada caso por razóns de seguranza aplicaranse conforme os regulamentos e normas técnicas vixentes.

Artigo 112. *Relacións civís.*

1. A servidume de paso de instalacións de transporte e distribución de gas natural por canalización non impide ó dono do predio servente cercalo ou edificar sobre el, deixando a salvo a dita servidume, sempre que sexa autorizado pola Administración competente, que tomará en especial consideración a normativa vixente en materia de seguranza. Poderá, así mesmo, o dono solicita-lo cambio de trazado da canalización, se non existen dificultades técnicas, correndo á súa custa os gastos da variación, incluíndose neses gastos os prexuízos ocasionados.

2. Entenderase que a servidume foi respectada cando a cerca, plantación ou edificación construída polo propietario non afecte o contido daquela e a seguranza da instalación, persoas e bens de acordo con este real decreto.

3. Na franxa definida pola gabia onde van aloxadas as canalizacións de gas, incrementada nas distancias mínimas de seguranza regulamentarias, a ámbolos lados dela, queda limitada a plantación de árbores e prohibida a construción de edificios e instalacións industriais

Artigo 113. *Limitacións á constitución de servidume de paso.*

A servidume de paso para as instalacións de transporte e distribución de gas natural por canalización, sempre que sexa posible e en concordancia co previsto nas lexislacións sectoriais sobre bens e servizos públicos, tenderá a evita-la afección a calquera xénero de propiedades particulares, cando se cumpran conxuntamente as condicións seguintes:

a) Que a canalización de gas poida instalarse sobre terreos de dominio ou servizo público ou patrimonial do Estado, da Comunidade Autónoma, das provincias ou dos municipios.

b) Que a variación do trazado non sexa superior en lonxitude ó 10 por 100 da parte de canalización de gas afectada pola variación que segundo o proxecto transcorra sobre a propiedade do seu solicitante.

c) Que tecnicamente a variación sexa posible.

A indicada posibilidade técnica será apreciada polo órgano que tramita o expediente, logo de informe das administracións ou organismos públicos a quen pertencen ou estean adscritos os bens que resultan afectados pola variante, e, se é o caso, con audiencia dos propietarios particulares interesados.

En todo caso, considerarase non admisible a variante cando o seu custo sexa superior nun 10 por 100 ó orzamento da parte da canalización de gas afectada pola variante.

CAPÍTULO VI

Revisións e inspeccións

Artigo 114. *Revisións periódicas.*

1. As instalacións de almacenamento, regasificación, transporte e distribución de gas natural a que se fai referencia no artigo 67, así como as súas instalacións auxiliares, para as que se tivese levantado acta de posta en servizo da instalación deberán ser revisadas, na forma e periodicidade que determine a lexislación vixente en cada caso.

Artigo 115. *Inspeccións.*

1. É función da Comisión Nacional de Enerxía inspeccionar por petición da Administración xeral do Estado ou das comunidades autónomas competentes, ou de oficio, as condicións técnicas das instalacións e o cumprimento dos requisitos establecidos nas autorizacións de instalacións, a continuidade e calidade do servizo, así como a efectiva separación de actividades cando sexa esixida.

2. Se como consecuencia das inspeccións realizadas se puxese de manifesto algunha irregularidade que precisase a intervención das administracións públicas, a Comisión Nacional de Enerxía, se é o caso, ou o órgano da administración competente da comunidade autónoma, porao en coñecemento do titular da instalación xunto coa proposta de resolución e os prazos para corrixi-la irregularidade.

3. A Comisión Nacional de Enerxía acordará, se é o caso, a iniciación dos expedientes sancionadores e realizará a súa instrucción, cando sexan da competencia da Administración xeral do Estado, e emitirá informe, cando sexa requirida para isto, sobre aqueles expedientes sancionadores iniciados polas distintas administracións públicas.

TÍTULO V

Rexistros administrativos

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 116. *Rexistros administrativos.*

1. O rexistro administrativo de instalacións de transportistas de gas e o rexistro administrativo de distribuidores, comercializadores e consumidores cualificados de combustibles gasosos por canalización regulados nos artigos 71 e 83.5 da Lei 34/1998, do sector de hidro-

carburos, rexeranse en canto á súa organización e funcionamento polo disposto neste título.

2. A xestión dos rexistros mencionados no número anterior corresponderá á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía.

3. As inscricións que se realicen nos rexistros administrativos do Ministerio de Economía que se regulan neste real decreto non devengarán o cobramento de taxas.

Artigo 117. *Tratamento dos datos.*

1. O tratamento dos datos de carácter persoal inscritos nos rexistros regulados neste título someteranse ó disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

2. Os suxeitos obrigados a comunicar datos a estes rexistros serán responsables da veracidade e actualidade dos datos que faciliten.

3. O acceso ós datos poderá ter lugar mediante petición na que resulten identificados os datos do acceso dos cales se trate, sen que sexa admisible a súa solicitude xenérica.

4. A Comisión Nacional de Enerxía e o xestor técnico do sistema terán acceso á información contida nos rexistros ós que se refire o presente título, así como as comunidades autónomas.

5. As persoas que no exercicio das súas funcións teñan acceso a datos que figuren nestes rexistros estarán obrigadas a gardar segredo respecto deles.

Artigo 118. *Cancelación das inscricións.*

A cancelación das inscricións nos rexistros ós que se refire o presente título producirase por instancia do interesado ou de oficio nos supostos de cesamento da actividade, revogación polo órgano competente da autorización que serviu de base para a inscrición.

Para proceder á cancelación de oficio da inscrición será precisa a instrucción do correspondente expediente con audiencia do interesado.

CAPÍTULO II

Rexistro administrativo de instalacións de transportistas de gas

Artigo 119. *Rexistro administrativo de instalacións de transportistas de gas.*

1. No rexistro administrativo de instalacións de transportistas de gas deben inscribirse tódalas instalacións de transporte, almacenamento e regasificación que fosen autorizadas.

A inscrición neste rexistro será condición necesaria para que a instalación poida ser incluída no réxime retributivo.

2. Este rexistro estrutúrase nas seguintes seccións:

a) Sección primeira: instalacións de recepción, almacenamento e regasificación de gas natural licuado e instalacións de licuefacción.

b) Sección segunda: gasoductos de transporte primario.

c) Sección terceira: gasoductos de transporte secundario.

d) Sección cuarta: almacenamentos subterráneos de gas natural.

3. Os requisitos e procedementos de inscrición neste rexistro son os que se establecen neste real decreto.

Artigo 120. *Solicitud de inscrición no rexistro administrativo de instalacións de transportistas de gas.*

1. A solicitude de inscrición no rexistro administrativo de instalacións de transportistas de gas dirixirase á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, ou ó órgano competente na materia da comunidade autónoma, en función de cal sexa o órgano competente para outorga-la autorización administrativa.

No caso de que a solicitude de inscrición se dirixise ó órgano competente da comunidade autónoma onde estean as instalacións, este dará traslado á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas no prazo dun mes da solicitude de inscrición, así como da documentación que a acompañe.

2. A solicitude de inscrición irá acompañada, polo menos, da seguinte documentación:

a) Datos de identificación do titular da instalación, incluíndo, se é o caso, os de inscrición no Rexistro Mercantil e no rexistro de actividades industriais correspondente.

b) Acreditación da titularidade da instalación.

c) Autorización administrativa das instalacións.

c) Resumo das principais características da instalación.

d) Acta de posta en servizo das instalacións.

3. A formalización da inscrición, na que constará o número de identificación no rexistro, será notificada ó interesado pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e á comunidade autónoma correspondente en caso de que a solicitude de inscrición fose presentada nesta.

Artigo 121. *Sección primeira: instalacións de recepción, almacenamento e regasificación de gas natural e instalacións de licuefacción de gas natural.*

1. Na sección primeira do rexistro administrativo de instalacións de transportistas de gas incluíranse tódalas instalacións de recepción, almacenamento e regasificación de gas natural que poidan abastece-lo sistema gasista e as instalacións de licuefacción de gas natural que se poidan abastecer do mesmo.

2. Tódolos elementos relativos a unha instalación de recepción, almacenamento e regasificación de gas natural ou de licuefacción constituirán un único rexistro, no que constarán como mínimo os seguintes datos: capacidade de descarga, capacidade de almacenamento desagregada por tanque de almacenamento, capacidade de emisión con indicación de presións e capacidades relativas a outros elementos fundamentais da instalación.

3. Calquera modificación dos elementos constitutivos da instalación inscribíranse no rexistro con carácter complementario ós datos rexistrados sobre a dita instalación.

Artigo 122. *Sección segunda: gasoductos de transporte primario.*

1. Na sección segunda do rexistro administrativo de instalacións de transportistas de gas incluíranse as seguintes instalacións:

a) Gasoductos de transporte cunha presión máxima de deseño igual ou superior a 60 bar, con indicación das súas instalacións auxiliares e complementarias.

b) Gasoductos de conexión da rede básica con xacigos de gas natural no interior ou con almacenamentos, cunha presión máxima de deseño igual ou superior a 60 bar, con indicación das súas instalacións auxiliares e complementarias.

c) Gasoductos de conexión internacional do sistema gasista español con outros sistemas ou con xacigos no exterior, cunha presión máxima de deseño igual ou superior a 60 bar, con indicación das súas instalacións auxiliares e complementarias.

d) Estacións de regulación e medida e estacións de medida cunha presión máxima de entrada superior ou igual a 60 bares.

e) Estacións de compresión incluídas en gasoductos de transporte primario.

2. Cada unha das instalacións anteriores terá un número de rexistro, e calquera modificación delas será inscrita como tal, con carácter complementario ós datos rexistrados sobre a instalación principal.

Artigo 123. Sección terceira: gasoductos de transporte secundario.

1. Na sección terceira do rexistro administrativo de instalacións de transportistas de gas inclúiranse as seguintes instalacións:

a) Gasoductos de transporte cunha presión máxima de deseño comprendida entre 60 e 16 bar, con indicación das súas instalacións auxiliares e complementarias.

b) Gasoductos de conexión da rede básica con xacigos de gas natural no interior ou con almacenamentos, cunha presión máxima de deseño comprendida entre 60 e 16 bar, con indicación das súas instalacións auxiliares e complementarias.

c) Gasoductos de conexión internacional do sistema gasista español con outros sistemas ou con xacigos no exterior, cunha presión máxima de deseño comprendida entre 60 e 16 bar, con indicación das súas instalacións auxiliares e complementarias.

d) Estacións de regulación e medida e estacións de medida cunha presión máxima de entrada comprendida entre 60 e 16 bar.

e) Estacións de compresión incluídas en gasoductos de transporte secundario.

2. Cada unha das instalacións anteriores terá un número de rexistro e calquera modificación delas será inscrita como tal, con carácter complementario ós datos rexistrados sobre a instalación principal.

Artigo 124. Sección cuarta: almacenamentos subterráneos de gas natural

1. Na sección cuarta do rexistro administrativo de instalacións de transportistas de gas inclúiranse tódolos almacenamentos subterráneos de gas natural que poidan abastecer-lo sistema gasista.

2. Tódalas instalacións relativas a un almacenamento, incluíndo as instalacións de conexión coa rede básica, constituirán un único rexistro, no que constarán como mínimo os seguintes datos: capacidade total de almacenamento, gas útil e capacidades de inxección/extracción.

3. Calquera modificación dos elementos constitutivos do almacenamento inscribírase no rexistro con carácter complementario ós datos rexistrados sobre a dita instalación.

Artigo 125. Actualización de datos.

1. Calquera modificación dos datos que figuren no rexistro sobre identificación da instalación, do seu titular ou sobre as condicións da instalación, deberá ser comunicada polo interesado no prazo máximo dun mes desde que aquela se produza. Nestas modificacións quedan

incluídos os cambios de denominación ou razón social do titular, as fusións, absorcións ou escisións de sociedades que afecten a titularidade das instalacións, así como a ampliación substancial destas.

2. Anualmente, no primeiro trimestre de cada ano, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas comunicará ós titulares das instalacións de transporte inscritas no rexistro os datos rexistrados correspondentes ás súas instalacións, co fin de que confirmen a súa exactitude ou indiquen, motivadamente, as modificacións que se van introducir.

CAPÍTULO III

Rexistro administrativo de distribuidores, comercializadores e consumidores cualificados de combustibles gasosos por canalización

Artigo 126. Estructura do rexistro administrativo de distribuidores, comercializadores e consumidores cualificados de combustibles gasosos por canalización.

1. Deberán inscribirse no rexistro administrativo de distribuidores, comercializadores e consumidores cualificados de combustibles gasosos por canalización, todos aqueles que, de acordo co previsto na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, teñan a condición de distribuidores e comercializadores, así como os consumidores cualificados que pretendan acceder ás instalacións de transporte e distribución para consumir gas para o seu propio consumo.

2. Este rexistro estrutúrase nas tres seccións seguintes:

- a) Sección primeira: empresas distribuidoras.
- b) Sección segunda: empresas comercializadoras.
- c) Sección terceira: consumidores cualificados.

3. Os requisitos e procedemento de inscrición en cada unha das seccións mencionadas son os que se establecen neste real decreto.

Artigo 127. Sección primeira: empresas distribuidoras.

1. Os distribuidores deberanse inscribir na sección primeira: empresas distribuidoras, do rexistro administrativo de distribuidores, comercializadores e consumidores cualificados de combustibles gasosos por canalización.

2. A solicitude de inscrición na sección primeira deste rexistro dirixirase ós órganos competentes das comunidades autónomas que outorgaron a autorización administrativa correspondente, os cales darán traslado á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas no prazo máximo dun mes da solicitude de inscrición, así como da documentación que a acompañe.

3. A solicitude de inscrición irá acompañada, polo menos, da seguinte documentación:

- a) Escritura de constitución da sociedade debidamente inscrita no Rexistro mercantil.
- b) Autorizacións administrativas para exercicio da actividade outorgadas pola administración competente, con indicación das áreas xeográficas de subministración.

4. Realízase unha única inscrición por empresa distribuidora, na que constarán as diferentes áreas xeográficas nas que se realiza a distribución.

5. A formalización da inscrición na que constará o número de identificación no rexistro será notificada ó interesado e ó órgano competente da comunidade autónoma correspondente pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

Artigo 128. Sección segunda: empresas comercializadoras.

1. As empresas comercializadoras deberanse inscribir na sección segunda: empresas comercializadoras, do rexistro administrativo de distribuidores, comercializadores e consumidores cualificados.

2. A solicitude de inscrición na sección segunda deste rexistro dirixirase ó órgano competente para outorga-la autorización administrativa para o exercicio da actividade de comercialización. No caso de que o dito órgano sexa dunha comunidade autónoma, esta dará traslado da solicitude e da documentación que a acompañe no prazo máximo dun mes á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía.

No caso de que a autorización corresponda á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, esta procederá á inscrición de oficio no rexistro.

2. A solicitude de inscrición irá acompañada da autorización para exercer-la actividade emitida pola administración competente.

3. A formalización da inscrición, na que constará o número de identificación no rexistro, será notificada ó interesado e ás comunidades autónomas onde a empresa se encontre autorizada para exercer-la actividade, pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

Artigo 129. Sección terceira: consumidores cualificados.

1. Os consumidores cualificados que pretendan acceder ás instalacións de transporte e distribución para conducir gas para o seu propio consumo deberán inscribirse na sección terceira: consumidores cualificados, do rexistro administrativo de distribuidores, comercializadores e consumidores cualificados.

2. A solicitude de inscrición dirixirase ó órgano competente da comunidade autónoma onde se encontre o punto de subministración ou instalación respecto do cal o consumidor cualificado pretenda exercer-la dita condición. A comunidade autónoma, no prazo máximo dun mes, dará traslado á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía da solicitude presentada e da documentación que a acompañe.

3. A solicitude de inscrición irá acompañada, polo menos, da información sobre os datos de identificación do consumidor cualificado e acreditación da titularidade dos puntos de subministración ou instalacións que se pretendan subministrar.

4. A notificación da inscrición será efectuada pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas ó interesado e á comunidade autónoma correspondente.

Artigo 130. Actualización de datos.

1. Calquera modificación dos datos que figuren no rexistro de distribuidores, comercializadores e consumidores cualificados sobre identificación da sociedade ou consumidor, das instalacións das que sexa o titular, áreas de distribución, se é o caso, ou calquera outro dato relevante dos que figuren no rexistro, deberá ser comunicada polo interesado no prazo máximo dun mes desde que aquela se produza. Nestas modificacións quedan incluídos os cambios de denominación ou razón social do titular, as fusións, absorcións ou escisións de sociedades que afecten á titularidade das instalacións, así como a ampliación substancial destas.

2. Anualmente, no primeiro trimestre de cada ano, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas comunicará ás empresas distribuidoras inscritas na sección primeira do rexistro de distribuidores, comercializadores

e consumidores cualificados, os datos rexistrados correspondentes ás súas áreas de distribución que figuren no rexistro, co fin de que confirmen a súa exactitude ou indiquen, motivadamente, as modificacións que se van introducir.

Artigo 131. Número de identificación no rexistro.

As empresas distribuidoras, as empresas comercializadoras e os consumidores cualificados que non se subministren directamente a través dun comercializador autorizado, farán constar nos documentos nos que se formalicen as transaccións que teñan por obxecto a compra ou venda de gas natural ou o acceso ás instalacións gasistas, o número de identificación que teñan asignado no rexistro administrativo de distribuidores, comercializadores e consumidores cualificados.

Disposición adicional primeira. Modificación do artigo 5.1 do Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural.

Modifícase o artigo 5.1 do Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural, que queda coa seguinte redacción:

«1. Os suxeitos que queiran exercer-lo dereito de acceso a instalacións de regasificación e a almacenamentos deberán remitir unha petición formal de reserva de capacidade ós titulares desas instalacións con indicación do calendario e programa de utilización.

Os suxeitos con dereito de acceso que o queiran exercer ás instalacións de transporte e distribución deberán remitir unha petición formal de reserva de capacidade ós titulares das instalacións ás que estean conectados os puntos de entrada do gas natural ó sistema de transporte e distribución, con indicación dos puntos de saída, así como o calendario de utilización previsto.

Cando a solicitude de acceso estea incompleta ou formulada incorrectamente, o titular da instalación devolveraa ó solicitante no prazo de tres días hábiles, indicando os datos que deben completarse ou emendarse. O solicitante disporá de seis días hábiles para completar ou corrixi-los ditos datos, manténdose a data inicial da solicitude, para efectos de prioridade de acceso. Transcorrido este prazo sen completarse ou emendarse tódolos datos, a solicitude inicial non será considerada válida e deberase formular nova solicitude.

Nos casos en que a solicitude implique o acceso simultáneo a instalacións diferentes dun mesmo titular, a súa tramitación poderá ser conxunta.

A Comisión Nacional de Enerxía elaborará modelos normalizados de solicitude formal de acceso ás instalacións do sistema gasista que propondrá á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas para a súa aprobación ou modificación. Nos ditos modelos indicaranse os datos necesarios que debe facilitalo solicitante do acceso, en función do tipo de instalación.

Os titulares das instalacións terán ó dispor dos suxeitos con dereito de acceso o modelo de solicitude formal de acceso.

As solicitudes de acceso, para o mercado liberalizado, resolveranse atendendo á orde cronolóxica de recepción da petición formal.

O titular das instalacións gasistas deberá rexistrar con aviso da recepción as solicitudes de acceso que se lle presenten.

As solicitudes de acceso serán remitidas polo titular da instalación á Comisión Nacional de Enerxía, quen manterá actualizadas unhas listaxes onde aparezan os solicitantes de acceso e a súa orde de prioridade.»

Disposición adicional segunda. Nova redacción dos números 3, 4, 5 e 6 do artigo 6 do Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural.

Substitúese a redacción dos números 3, 4, 5 e 6 do artigo 6 do Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural, pasando os actuais números 6 e 7 a seren os números 7 e 8.

«3. Os titulares das instalacións estarán obrigados a atender peticións de redución de capacidade sempre que se solicite con tres meses de anticipación e se produzan un ano despois de ter efectuado a reserva de capacidade inicial e ter feito uso efectivo dela ou, se é o caso, de ter procedido a efectuar calquera modificación sobre ela. Cando a causa da petición de redución de capacidade sexa a perda de clientes a favor doutros comercializadores, bastará unicamente a comunicación cun mes de anticipación.

4. Con obxecto de garanti-la utilización da capacidade reservada e con independencia do pagamento das peaxes que correspondan, os solicitantes de acceso deberán constituír a favor do titular da instalación unha fianza a contía da cal será a correspondente a doce meses do termo fixo da peaxe correspondente (Tfr en caso de regasificación, Tfe en caso de transporte e distribución e Tf no caso de almacenamento) aplicados sobre o 85 por cento das capacidades contratadas. Esta fianza será restituída ó solicitante transcorrido un ano a partir do inicio da subministración, salvo o disposto no parágrafo 4 do presente número.

A fianza constituirase no momento da sinatura do correspondente contrato de acceso.

A fianza poderase constituír por algún dos seguintes medios:

a) Aval prestado por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativa de crédito, establecemento de crédito, sociedade de garantía recíproca, autorizados para operar en España.

b) Por contrato de seguro de caución celebrado con entidade aseguradora autorizada para operar no ramo de caución.

Se, transcorridos seis meses desde a data prevista no contrato para o inicio da subministración, ou, se for o caso, desde que se efectuase calquera modificación da capacidade contratada, a capacidade realmente utilizada é inferior ó 80 por cento da establecida no contrato, as capacidades contratadas diminuíranse automaticamente na porcentaxe non utilizada, perdendo o solicitante a parte correspondente da fianza constituída de acordo cos parágrafos anteriores.

A cantidade que o titular da instalación ingrese como consecuencia da execución da fianza terá a consideración de ingreso liquidable.

5. Sempre que o xestor técnico do sistema observe que existe ou poida existir, en relación cos contratos ou situacións de reserva de capacidade, unha infrautilización continuada da capacidade reservada, e o seu mantemento puidese ser causa de denegación de acceso, por falta de capacidade dispoñible, a outros suxeitos que o solicitasen, reducirá a capacidade reservada na parte infrautilizada, coa perda, se é o caso, da fianza na parte proporcional.

Todo isto enténdese sen prexuízo, se é o caso, da análise da dita situación de acordo coa lexislación de defensa da competencia.

En caso de desconformidade, o suxeito a capacidade reservada do cal se poida ver reducida, poderá promover conflito ante a Comisión Nacional de Enerxía no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que se lle notifique a decisión do xestor técnico do sistema de reducir capacidade. O prazo para resolver e notificar a resolución será de tres meses, transcorrido o cal se entenderá desestimada a pretensión.

6. A contratación de capacidade de acceso ás instalacións de regasificación, almacenamento e entrada ó sistema de transporte e distribución poderase realizar a curto ou longo prazo, entendendo como contratos a curto prazo aqueles que teñan unha duración inferior a dous anos e a longo prazo os de duración igual ou superior a dous anos.

As empresas transportistas destinarán a contratos de duración inferior a dous anos polo menos o 25 por cento da suma das capacidades das súas instalacións de regasificación, almacenamento e entrada ó sistema de transporte e distribución. Cada comercializador non poderá acceder a máis dun 50 por cento das capacidades destinadas para este fin. Estas porcentaxes poderán ser revisadas polo Ministerio de Economía en función da evolución do mercado.

As solicitudes de acceso ás instalacións de regasificación, almacenamento e entrada ó sistema de transporte e distribución que teñan por obxecto a contratación de capacidade a curto prazo non se poderán realizar cunha anticipación superior a doce meses da data de comezo indicada para o inicio dos servizos solicitados.

Os titulares das instalacións de regasificación, almacenamento e transporte publicarán con periodicidade trimestral a capacidade contratada, dispoñible e ampliacións previstas en cada unha das súas instalacións, distinguindo a capacidade asignada a tránsitos internacionais, a asignada a mercado regulado e a capacidade contratada no mercado liberalizado. Ademais, para cada un de estes segmentos distinguirase entre a capacidade asignada ós contratos de acceso de duración maior ou igual a dous anos e os contratos de acceso de duración inferior a dous anos. A Comisión Nacional de Enerxía elaborará os modelos normalizados para a publicación da capacidade contratada e dispoñible, así como a metodoloxía para a súa determinación, que propondrá á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas para a súa aprobación ou modificación.

Os contratos de duración inferior a dous anos non poderán ser prorrogados en ningún caso.

Os contratos de duración igual ou superior a dous anos poderán incluí-lo réxime de prórrogas que libremente pacten as partes, coa única limitación, en canto ó prazo de aviso previo para o exercicio das prórrogas, que non poderá exceder seis meses.»

Disposición adicional terceira. *Modificación do artigo 7.4 do Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural.*

Modifícase o artigo 7.4 do Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural, quedando redactado da seguinte forma:

«En caso de desconformidade coa aplicación dos modelos normalizados, calquera das partes poderá promover conflito ante a Comisión Nacional de Enerxía, quen resolverá de acordo co previsto na sección 3.^a do capítulo II do Regulamento da Comisión Nacional de Enerxía, aprobado polo Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo.»

Disposición adicional cuarta. *Nova redacción do artigo 8 do Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural.*

Substitúese a redacción da alínea a) do artigo 8 do Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, pola seguinte:

«a) A falta de capacidade dispoñible durante o período contractual proposto polo contratante.

Para a aplicación deste suposto deberanse ter en conta os seguintes criterios:

1.º Sempre que o solicitante dispoña de capacidade de entrada ó sistema suficiente para atender a nova subministración, non se poderá denegar o acceso ó sistema de transporte e distribución por falta de capacidade cando se refira a unha subministración existente que se encontre consumindo gas natural nas cantidades solicitadas.

2.º No caso de instalacións de acceso ó sistema: instalacións de regasificación e gasodutos internacionais, o propietario da instalación correspondente, antes de denegar a petición de acceso, deberá comunicar a tódolos suxeitos cos que teña contrato de acceso en vigor a posibilidade de modificación á baixa da capacidade contratada nos contratos vixentes ata cubri-la capacidade solicitada. Esta modificación non suporá en ningún caso posibles custos ou penalizacións que puidesen conter os contratos para a redución de capacidade de acceso de entrada ó sistema.

En calquera caso, antes de denegar a capacidade de acceso, o propietario da instalación solicitará informe ó xestor técnico do sistema sobre a posibilidade de acceso ó sistema a través doutra instalación de entrada, que, en caso de existir, será comunicada ó solicitante.

3.º A denegación do acceso deberase xustificar dando prioridade de acceso ás reservas de capacidade relativas ás subministracións de gas natural con destino a consumidores que se subministren en réxime de tarifas en firme.»

Disposición adicional quinta. *Nova redacción do artigo 31 do Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural.*

Substitúese a redacción do primeiro parágrafo da alínea B) Termo de condución da peaxe de transporte

e distribución, do artigo 31 do Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, pola seguinte:

«O termo de condución da peaxe de transporte e distribución será facturado pola empresa distribuidora titular das instalacións onde estea situado o punto de entrega do gas natural ó consumidor final, ó suxeito con contrato de acceso. No caso de que o punto de entrega ó consumidor final se encontre conectado directamente ás instalacións dun transportista, o termo de condución será facturado pola empresa transportista.»

Disposición adicional sexta. *Modificación do artigo 15.2 do Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Comisión Nacional de Enerxía.*

Modifícase o artigo 15.2 do Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Comisión Nacional de Enerxía, quedando redactado do seguinte modo:

«O solicitante de acceso poderá elevar escrito de desconformidade á Comisión Nacional de Enerxía no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse denegado o acceso. Cando a denegación do acceso se fixese de forma expresa, o prazo do mes computarase desde o día seguinte a aquel en que se lle notificase a denegación.

O prazo para resolver e notificar será de tres meses, transcorrido o cal se entenderá desestimada a solicitude de acceso.»

Disposición adicional sétima. *Modificación do artigo 16.4 do Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Comisión Nacional de Enerxía.*

Modifícase o artigo 16.4 do Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Comisión Nacional de Enerxía, que queda redactado do seguinte modo:

«A Comisión Nacional de Enerxía resolverá sobre os conflitos presentados no prazo máximo de tres meses.

A Comisión Nacional de Enerxía comunicará as resolucións que adopte nos conflitos ós que se refire este artigo ó Ministerio de Economía, así como ás comunidades autónomas que resulten afectadas por aquelas.»

Disposición adicional oitava. *Nova disposición adicional ó Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Comisión Nacional de Enerxía.*

Introdúcese unha nova disposición adicional ó Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Comisión Nacional de Enerxía, que queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional quinta. *Procedementos de conflito.*

O prazo para instar todo tipo de conflitos á Comisión Nacional de Enerxía será dun mes. O prazo para resolver e notificar será de tres meses, transcorrido o cal se entenderán desestimadas as pretensións do solicitante.»

Disposición transitoria primeira. *Adecuación de contratos de subministración*

As condicións dos contratos de subministración a tarifa que se regulan neste real decreto serán de aplicación ós contratos que se subscriban ou renoven a partir da entrada en vigor deste real decreto. Estas condicións quedarán automaticamente incorporadas nos contratos ou pólizas de aboamento vixentes.

Disposición transitoria segunda. *Acreditación de requisitos legais, técnicos e económicos para as actividades de transporte e distribución.*

Para os efectos previstos nos artigos 5 e 9 deste real decreto consideraranse acreditados os requisitos de capacidade legal, técnica e económica para aquelas entidades de nacionalidade española ou de calquera outro estado membro da Unión Europea con establecemento permanente en España que no momento da entrada en vigor deste real decreto contén con autorización administrativa para as instalacións de transporte ou distribución e revistan a forma xurídica que esixe a Lei 34/1998 e este real decreto para o exercicio que corresponda a cada actividade.

Disposición transitoria terceira. *Actividade de comercialización.*

As empresas comercializadoras que de forma provisional fosen autorizadas e inscritas na sección segunda do rexistro de distribuidores, comercializadores e consumidores cualificados, do Ministerio de Economía, disporán dun prazo de seis meses para presentaren a solicitude de autorización da súa actividade e de inscrición definitiva no rexistro.

Para isto, deberán presenta-la documentación establecida no artigo 16 deste real decreto.

Transcorrido o prazo de seis meses sen que se presentase a solicitude, a autorización provisional quedará sen efectos.

Disposición transitoria cuarta. *Inscrición no rexistro administrativo de instalacións de transportistas de gas.*

As empresas que á entrada en vigor deste real decreto sexan titulares de instalacións de transporte, almacenamento e regasificación deberán proceder a inscribi-las no rexistro administrativo de instalacións de transportistas de gas, nun prazo non superior a tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria quinta. *Inscrición no rexistro administrativo de distribuidores, comercializadores e consumidores cualificados de combustibles gasosos por canalización.*

1. As empresas que á entrada en vigor deste real decreto estean exercendo a actividade de distribución deberán proceder á súa inscrición na sección primeira do rexistro administrativo de distribuidores, comercializadores e consumidores cualificados, de combustibles gasosos por canalización, nun prazo non superior a tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

2. Os consumidores cualificados que á entrada en vigor deste real decreto veñan exercendo tal condición e non se subministren dun comercializador autorizado, deberán proceder á súa inscrición na sección terceira do rexistro administrativo de distribuidores, comercializadores e consumidores cualificados, de combustibles gasosos por canalización, nun prazo non superior a tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria sexta. *Expedientes en tramitación.*

Os expedientes sobre as materias reguladas neste real decreto, iniciados con anterioridade á súa entrada en vigor, continuarán a súa tramitación de acordo cos procedementos previstos neste real decreto, salvo manifestación expresa dos interesados, caso en que será de aplicación a normativa vixente no momento en que iniciaron a tramitación do expediente.

Disposición transitoria sétima. *Dereitos de acometida.*

Ós dereitos de acometida correspondentes ás solicitudes efectuadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto seranlles de aplicación os orzamentos efectuados polas empresas distribuidoras, sempre que estes non excedan das cantidades correspondentes ó aplica-lo disposto neste real decreto, caso en que lles será de aplicación o disposto nel.

Disposición transitoria oitava. *Sistema de información de puntos de consumo.*

As empresas distribuidoras disporán dun prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto para establece-lo sistema de información dos puntos de consumo conectados ás súas instalacións establecido no artigo 43 deste real decreto.

Así mesmo, deberán remitir á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas unha memoria resumo do sistema establecido con indicación das súas principais características e os medios de comunicación previstos entre os diferentes suxeitos interesados.

Disposición transitoria novena. *Definición de acometidas.*

As acometidas incluídas en proxectos de autorización de instalacións de distribución e nos plans anuais de ampliación da rede de distribución presentados na Administración competente, con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, nos que se inclúisen as acometidas definidas no artigo 24 deste real decreto, e non se construísen, terán para tódolos efectos a consideración de acometidas con independencia do disposto no número 2 do artigo 24.

Disposición transitoria décima. *Reducións de capacidade e fianza.*

1. Con obxecto de evita-la existencia de capacidades ociosas no sistema gasista, o mantemento das cales podería produci-lo efecto de restrinxi-la competencia efectiva no mesmo, os titulares de reservas de capacidade, dentro dos tres meses seguintes á data de entrada en vigor deste real decreto, poderán formular peticións de redución de capacidade, tanto en volume como en tempo, sen necesidade de cumprilos requisitos a que se refire o artigo 6.3 do Real decreto 949/2001, do 3 de agosto.

2. Estas reducións de capacidade non implicarán ningún custo para os solicitantes, debendo estes presentar unha análise de mercado que as xustifique. Estas análises de mercado serán remitidas ó xestor técnico do sistema.

3. Sen prexuízo do disposto na disposición adicional cuarta deste real decreto, a capacidade de acceso ó sistema que quede liberada destinarase preferentemente

a cubri-las solicitudes de acceso que cumpran as dúas condicións seguintes:

a) Que se dirixan a garanti-la continuidade dos contratos de acceso vixentes e realmente utilizados o vencemento dos cales se produza con anterioridade ó 31 de decembro de 2004.

b) Que o petionario do acceso non dispoña, ó vencemento de tales contratos, doutra vía de acceso ó sistema español que permita a continuidade de tales subministracións.

4. Ós contratos celebrados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto seralles de aplicación o disposto no Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, na redacción dada a el por este real decreto e, en concreto, o disposto no artigo 6.4, debendo para tal efecto constituírse a fianza correspondente dentro dos catro primeiros meses do ano 2003.

Os que reduci-sen capacidade de acordo co previsto nos números 1 e 2 anteriores soamente estarán obrigados a prestaren fianza en relación coa parte de capacidade non reducida.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Decreto 2913/1973, do 26 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral do servizo público de gases combustibles, nos aspectos regulados por este real decreto, permanecendo en vigor en todo o non contemplado neste real decreto.

Así mesmo, queda derogada calquera outra disposición de igual ou menor rango no que se opoña a este real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico.*

1. Este real decreto ten carácter básico, de acordo co establecido no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución.

2. Exclúense do carácter básico as referencias ós procedementos administrativos, que serán regulados pola Administración competente, axustándose ó establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Os capítulos II, III e IV do título IV serán de aplicación unicamente á Administración xeral do Estado.

3. Os artigos deste real decreto relativos a servidumes de expropiación forzosa díctanse en exercicio das competencias atribuídas ó Estado no artigo 149.1.8.^a e 18.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase o ministro de Economía para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e cumprimento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
para Asuntos Económicos
e ministro de Economía,
RODRIGO DE RATO Y FIGAREDO

ANEXO I

Dereitos de acometida

1. Subministracións conectadas a redes de presión inferior ou igual a 4 bar:

a) O solicitante da acometida aboará á compañía distribuidora o importe que resulte de aplica-la seguinte fórmula:

$$\text{Importe (euros)} = 86,79 \times (L-6)$$

sendo L a lonxitude da acometida en metros.

No caso de cantidades negativas o importe será cero.

Para estes efectos considerárase solicitante a persoa física ou xurídica que solicite a acometida sen que necesariamente teña que contrata-la nova subministración ou ampliación.

b) O contratante dun novo punto de subministración ou consumo, ou da ampliación dun xa existente, deberá aboar á empresa distribuidora, no momento da contratación, o importe recollido no seguinte cadro en función da tarifa ou peaxe contratada.

Grupo de tarifa ou peaxe	Consumo anual en kWh/ano	Euros por contratante
3.1	Menor ou igual a 5.000	87,56
3.2	Maior de 5.000 e menor ou igual a 15.000	87,56
3.2	Maior de 15.000 e menor ou igual a 50.000	201,29
3.3	Maior de 50.000 e menor ou igual a 100.000	402,58
3.4	Maior de 100.000	402,58

No caso de ampliación dunha subministración a cantidade que hai que aboar será a diferenza entre a que corresponda á nova subministración e a aboada para o contratado con anterioridade.

2. Subministracións contratadas a presión superior a 4 bar.

Para as acometidas que se conecten a redes de presión superior a 4 bar, a empresa distribuidora ou transportista elaborará o correspondente orzamento económico suficientemente desagregado e comunicarllo ó solicitante nos prazos establecidos no artigo 25, indicando o prazo de execución e as condicións xerais.

En caso de discrepancia o solicitante poderá elevar escrito motivado ó organismo competente da comunidade autónoma, que resolverá no prazo de vinte días.

3. Anualmente, o ministro de Economía, logo dos trámites e informes oportunos, procederá á actualización dos importes establecidos neste artigo, mediante a aplicación do parámetro de actualización seguinte:

$$\text{Parámetro de actualización} = 0,75 \times \text{IPH.}$$

$$\text{Onde IPH} = (\text{IPC}_j + \text{IPR}_j)/2.$$

IPC_j: Previsión da variación do índice de prezos de consumo para o ano j.

IPR_j: Previsión da variación do índice de prezos industriais para o ano j.

Esta actualización incluírase na correspondente orde de tarifas de gas natural.

ANEXO II**Contrato para a subministración de gas a tarifas**

Número de contrato:

Número de punto de subministración:

Tipo de gas:

Localidade:

Data:

O consumidor, con documento nacional de identidade/código de identificación fiscal:, contrata coa empresa a subministración de gas no domicilio situado na rúa, número, escaleira, piso, porta, localidade, provincia, teléfono

No seu nome, D., maior de idade, con documento nacional de identidade veciño de, con domicilio en

Obrigándose ambos a cumpriren as condicións xerais, especiais e aplicación de tarifas que se unen a esta póliza, todo isto de acordo coas prescricións regulamentarias vixentes.

CONDICIÓNES ESPECÍFICAS DESTE CONTRATO**Instalación**

A instalación para esta subministración componse dos elementos que figuran no certificado de instalacións de gas, do que se xunta copia e que forma corpo con este contrato.

Empresa instaladora:

Contadores:

Situación:

- en batería.
- en vivenda.
- en relanzo de escaleira.

Capacidade: m³/h.

Propiedade:

- Empresa (en réxime de aluguer ó usuario).
- Usuario.

Horas de subministración: réxime permanente.

Duración do contrato: a duración dos contratos de subministración a tarifa será anual e prorrogarase tacitamente por prazos iguais. Non obstante o anterior, o consumidor poderase dar de baixa na subministración antes dese prazo, sempre que o comuniquen de maneira que faga fe á empresa distribuidora cunha anticipación mínima de seis días hábiles á data que desexe a baixa do subministración, todo isto sen prexuízo das condicións económicas que resulten de aplicación da normativa tarifaria vixente.

Características do servizo contratado: a presión no punto de conexión coa rede xeral da empresa, así como o poder calorífico do gas, adecuarase en todo momento ó disposto na regulamentación vixente.

A presión de garantía é de:

Tarifas que se aplican: será de aplicación a tarifa das oficialmente aprobadas.

Forma de pagamento:

- Domiciliación bancaria.
- En entidades de crédito.
- Outras.

Período de facturación:

- Mensual.
- Bimestral.
- Outros.

Período de lectura:

- Mensual.
- Bimestral.
- Outros.

O usuario:

A empresa

CONDICIÓNES DE CARÁCTER XERAL

Facultade de elixir tarifa e de modificala:

O consumidor poderá elixir a tarifa, en función da presión da rede á que estea conectado, a modalidade de facturación ou de forma de aboamento que considere máis conveniente dentro das establecidas polo distribuidor e aprobadas administrativamente.

Así mesmo, poderá modifica-la tarifa aplicable, comunicándollo ó distribuidor, sempre que non transcorresen doce meses desde a última modificación ou cando se producen cambios na estrutura tarifaria que o afecten.

Mantemento das instalacións:

Corresponde ó usuario manter en perfecto estado de conservación a instalación receptora, incluídos os aparellos de consumo, así como facer un uso adecuado dela, efectuando aquelas melloras ou modificacións da instalación que regulamentariamente se determinen.

O usuario deberá realiza-las revisións obrigatorias das instalacións coa periodicidade e alcance que estableza a lexislación correspondente.

O propietario ou quen represente a comunidade responsabilizarase da conservación das instalacións comúns do edificio.

O distribuidor será responsable da conservación das instalacións da rede de distribución ata a chave de acometida do inmovible, incluída esta.

Equipamento de medida:

En cada punto de subministración instálase un equipamento de medida. O mantemento e comprobacións periódicas establecidas serán responsabilidade do propietario dos equipamentos de medida.

Poderanse instalar, logo de acordo entre cliente e distribuidor, contadores de funcionamento por moedas, tarxetas ou outros sistemas de pagamento e control, que se axustarán á estrutura tarifaria ordinaria ou á que regulamentariamente se estableza para este tipo de subministración.

Verificación de equipamentos de medida:

Tanto o usuario como a empresa distribuidora poderán solicita-la verificación do equipamento de medida, utilizando para isto os servizos dun laboratorio acreditado.

Os gastos xerados pola comprobación e verificación do contador serán a cargo do solicitante no caso de que resulte correcto o funcionamento do mesmo, e a cargo do propietario do equipamento en caso contrario.

Características do gas subministrado:

O distribuidor queda obrigado a mante-la presión da subministración e o poder calorífico dentro dos valores fixados regulamentariamente. Ademais deberá asegurar que o gas subministrado posúa un cheiro característico engadindo compostos odorizantes na proporción necesaria cando fose preciso.

Descontos na facturación por interrupcións da subministración:

1. Cando se producen interrupcións de subministración, a empresa subministradora aplicará unha rebaixa do 10 por cento nas facturas mensuais correspondentes

ós aboados afectados por cada dúas interrupcións rexistradas nun punto de subministración no mes, sempre que ningunha delas exceda de cinco horas.

2. Se a duración desas interrupcións de servizo fose superior a cinco horas e inferior a un día, para efectos de calcula-lo desconto aplicable, computarase cada interrupción de subministración como dúas interrupcións. Se a interrupción durase un ou máis días, computaranse tres interrupcións por día de subministración interrompido. Non obstante, o desconto non poderá exceder en ningún caso o 50 por cento do importe da factura.

3. O aboamento das cantidades devengadas efectuarase nos dous meses seguintes.

4. Cando a interrupción da subministración sexa debida a causas de forza maior ou de mantemento programado das instalacións, non se aplicarán as reducións na facturación mensual dos clientes a tarifa.

5. Todo o anterior será de aplicación sen prexuízo da responsabilidade civil que poida derivar dos danos causados como consecuencia da interrupción da subministración.

6. Todo o anterior non será de aplicación ós contratos de subministración que teñan a consideración de interrompibles.

7. Calquera outro tipo de desconto que o distribuidor aplique a algún consumidor de características similares aplicaráselles ás subministracións obxecto do presente contrato.

Traspaso ou cesión do contrato:

O usuario poderá traspasa-lo contrato dun punto de subministración, sempre que o comunique de maneira que faga fe á empresa distribuidora e se encontre ó día no pagamento.

Nos casos en que o usuario efectivo do servizo sexa persoa distinta ó titular que figura no contrato, poderá pedi-lo cambio ó seu nome do contrato existente, logo de acreditación que faga fe con xusto título e se encontre ó día no pagamento.

Cláusulas adicionais:

As cláusulas adicionais ou especiais que se poidan inserir no contrato non conterán en modo ningún preceptos contrarios á lexislación vixente nin prezos superiores ós das tarifas autorizadas e postas en vigor con carácter xeral.

Aumento da capacidade de subministración:

No suposto de que o usuario necesite consumir unha cantidade de gas superior á inicialmente contratada, deberá comunicalo previamente ó distribuidor co fin de que este proceda á substitución do contador se o novo consumo está fóra do rango de medida do equipamento instalado.

Suspensión da subministración:

A empresa distribuidora poderá suspender-la subministración ós seus usuarios nos seguintes casos:

a) Cando se establezan derivacións para subministrar gas a unha instalación non prevista no contrato.

b) Cando as instalacións receptoras ou aparellos consumidores de gas non contén coas autorizacións necesarias.

c) Cando se manipule o equipamento de medida ou control ou se evite o seu correcto funcionamento.

d) Por deficiente conservación das instalacións, cando isto supoña perigo para a seguranza de persoas ou bens.

e) Cando o usuario non permita ó persoal autorizado pola empresa a entrada no local ou vivenda a que afecte

o servizo contratado en horas hábiles ou de normal relación co exterior para inspecciona-las instalacións ou efectua-la lectura do contador.

f) Por falta de pagamento de acordo co disposto nos parágrafos seguintes:

En tódolos casos anteriores a suspensión da subministración levaraa a cabo a empresa distribuidora, quen o comunicará ó usuario de forma que faga fe cunha anticipación mínima de seis días hábiles. Nesa comunicación deberá figura-la data de suspensión da subministración e a súa causa. O usuario poderá recorrer, nun prazo máximo de cinco días, á administración competente, a cal resolverá sobre a suspensión nun prazo máximo de vinte días, entendéndose desestimado o recurso en caso de non existir resolución expresa. En caso de que o usuario recorra a suspensión da subministración deberá remitir copia do recurso presentado á empresa distribuidora, que non poderá proceder á suspensión da subministración mentres non haxa resolución por parte da administración ou transcorresen vinte días desde a interposición do recurso.

No caso de suspensión da subministración por deficiente conservación das instalacións, cando isto supoña perigo para a seguranza de persoas ou bens, a suspensión realizarase de forma inmediata pola empresa distribuidora, non sendo de aplicación o disposto no número anterior.

Mentres dure a suspensión da subministración non se seguirá facturando o termo fixo da tarifa.

Suspensión da subministración a tarifa por falta de pagamento:

A empresa distribuidora poderá suspender-la subministración cando transcorresen polo menos dous meses desde que lles fose requirido de maneira que faga fe o pagamento, sen que este se fixese efectivo. Para estes efectos, o requirimento practicarase mediante remisión ó enderezo que para efectos de comunicación figure no contrato de subministración a tarifa, por calquera medio que permita ter constancia da recepción polo interesado ou o seu representante, así como da data, identidade e contido do mesmo, quedando a empresa distribuidora obrigada a conservar no seu poder a acreditación da notificación efectuada. No suposto de rexeitamento da notificación, especificaranse as circunstancias do intento de notificación e terase por efectuado o trámite. A dita comunicación deberá incluí-lo trámite de interrupción da subministración por falta de pagamento, precisando a data a partir da que se interromperá, de non aboarse en data anterior as cantidades debidas.

Para proceder á suspensión da subministración por falta de pagamento, a empresa distribuidora non poderá sinalar como día para a interrupción un día festivo nin aqueles que, por calquera motivo, non exista servizo de atención ó cliente tanto comercial como técnico para efectos da reposición da subministración, nin en véspera daqueles días en que se dea algunha destas circunstancias.

Efectuada a suspensión da subministración, este será repostado como máximo nas corenta e oito horas seguintes á data do aboamento da cantidade debida, dos xuros que producise de acordo co anterior e da cantidade autorizada en concepto de reconexión da subministración, excepto nos casos nos que transcorrese o período que implica a rescisión do contrato.

Suspensión temporal da subministración por causas técnicas:

Os distribuidores deberán mante-lo servizo de forma permanente ós consumidores conectados á súa rede, excepto nos casos que se contemplan na lexislación vixente. Non obstante, poderá interromper-la submis-

tración temporalmente se concorre algunha das seguintes circunstancias:

- d) Por razóns de seguranza.
- e) Por causa de forza maior.
- f) Para efectuar tarefas de mantemento, reparación, substitución ou ampliación das instalacións de gas.

Salvo situacións de urxencia, o distribuidor deberá proceder a informar con anticipación suficiente ós usuarios afectados e ós comercializadores ós que preste o seu servizo sobre a intención de proceder á interrupción da subministración e data en que se procederá á interrupción. Na dita información farase constar a causa que orixina a interrupción e a data prevista para reiniciar a subministración.

En tódolos casos, o distribuidor deberá comunicar ós usuarios e comercializadores afectados o reinicio da subministración, utilizando os medios máis adecuados.

Gastos por desconexión e reconexión:

Os gastos que orixine a suspensión da subministración serán por conta da empresa distribuidora e a reconexión da subministración, en caso de corte xustifico e imputable ó consumidor, será por conta do consumidor, que deberá aboar unha cantidade equivalente ó dobre dos dereitos de enganche vixentes como compensación polos gastos de desconexión.

Reclamacións e xurisdicción:

As reclamacións, dúbidas e interpretacións das condicións da subministración e canto se relaciona con este contrato serán resoltas polo órgano competente en materia de enerxía da comunidade autónoma onde se efectúe a subministración.

Independentemente do anterior, corresponde ós tribunais de xustiza, por instancia da parte interesada, intervir en tódalas cuestións propias da súa xurisdicción.

Ámbalas partes contratantes se someten á xurisdicción e competencia dos xulgados e tribunais que correspondan ó lugar en que se efectúe a subministración.

Características do servizo contratado:

Se fose preciso modifica-lo valor de referencia do poder calorífico superior (PCS), o cambio poderá ser efectuado logo de autorización do órgano administrativo competente. En calquera caso, as modificacións que se realicen non suporán custo ningún para o usuario.

Condicións non previstas no presente contrato:

No non previsto nas anteriores condicións observárase o disposto no Real decreto polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministracións e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, así como o disposto na normativa vixente na materia en cada momento.

25422 *REAL DECRETO 1435/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas dos contratos de adquisición de enerxía e de acceso ás redes en baixa tensión.* («BOE» 313, do 31-12-2002.)

A Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, configura a comercialización de enerxía eléctrica como unha realidade certa, materializada nos principios de liberdade de contratación e de elección de subministrador. Para a total implantación do proceso de libe-

ralización, establécese na lei un período transitorio, co propósito inicial de que a liberdade de elección fose unha realidade para tódolos consumidores nun prazo de dez anos.

O Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos, adianta o calendario da liberalización previsto, ó establecer no seu artigo 19.un que «A partir do 1 de xaneiro de 2003, tódolos consumidores de enerxía eléctrica terán a consideración de consumidores cualificados».

O Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, senta as bases que regulan os dereitos e obrigas dos comercializadores e distribuidores, os contratos de subministración a tarifa e de acceso ás redes, os dereitos de calidade da atención ó consumidor e as obrigas rexistradas dos distribuidores.

O Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro, polo que se establecen tarifas de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, vén a adecuar as tarifas de acceso vixentes ata esta data, adaptándoas á nova situación nun contorno de elixibilidade total.

O Real decreto 385/2002, do 26 de abril, polo que se modifica o Real decreto 2018/1997, do 26 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica, vén a corroborar-lo sinalado no Real decreto 1955/2000 no sentido de establece-la obriga dos distribuidores de seren os encargados da lectura en relación cos datos requiridos para a facturación das tarifas de acceso, así como da enerxía que teña que liquidarse no mercado.

Existe, por tanto, un bloque regulador comprensivo dos diferentes aspectos que afectan a subministración, das obrigas e dereitos dos axentes e das relacións entre eles. Nembargantes, resulta evidente que un incremento tan importante na liberalización da subministración eléctrica, permitindo que tódolos consumidores de enerxía eléctrica poidan escoller subministrador, só é posible se se basea en sistemas que garantan a adecuada protección do consumidor, minimicen a carga de traballo deste, estandaricen a información que hai que transmitir e os medios polos que se remite e asignen adecuadamente os custos que ocasionan as subministracións.

Este real decreto vén a completa-la regulación existente relativa á subministración para facela extensiva á totalidade dos consumidores de baixa tensión, de tal forma que sexa posible a plena elixibilidade o 1 de xaneiro de 2003.

O reto co que se enfronta o mercado o próximo 1 de xaneiro é o paso dos 62.000 clientes que na actualidade poden elixir subministrador ós máis de 21 millóns de clientes que existen na totalidade do mercado, dos cales o 97 por cento son consumidores domésticos. Isto supón o incremento máis importante en número de consumidores desde que se iniciou a liberalización do sector.

A implantación efectiva da plena liberalización da subministración o 1 de xaneiro de 2003 esixe unha revisión dos procedementos de contratación existentes que faciliten a incorporación dos consumidores ó mercado.

Non se pode pasar por alto o feito de que os mecanismos que neste ámbito establecidos na regulación existente estaban previstos para unha determinada etapa de liberalización, 62.000 clientes, polo que en moitos casos non resultan adecuados cando se incorporan máis de 21 millóns de consumidores. Neste caso as relacións multiplícanse significativamente e se a organización dos procesos de cambio de subministrador non fosen áxiles, podería crearse unha barreira simplemente administrativa que atrasaría o exercicio da liberdade de elección.